de 1811, hija de Ángel Vázquez Galán y de Vicenta de Soto Méndez, oriundos, respectivamente, de Ferrol y del arrabal de A Moureira), María del Pilar (nacida el 16 de octubre de 1819), Vicente Antonio (nacido el 2 de septiembre de 1820), Ignacio Sebastián (nacido el 20 de febrero de 1823), Mariano (nacido el 5 de abril de 1825), Sebastián Eduardo José María (nacido el 20 de enero de 1827), María Ramona Amalia (nacida el 15 de diciembre de 1828) y María de la O Malvina Aboal Portas (nacida el 19 de diciembre de 1832).

5. María Petronila Aboal de Soto, bautizada el 3 de noviembre de 1786, siendo sus padrinos de pila Juan Antonio do Val y Petronila García.
6. Juana Andrea Aboal de Soto, bautizada el 28 de mayo de 1789, apadrinándola Andrés de Saa y su tía materna, Antonia Margarita de Soto y Silva.
7. Pedro Benito Aboal de Soto, bautizado el 13 de octubre de 1791 en Santa María la Mayor, siendo apadrinado por su abuelo materno.

El esposo hubo de fallecer más o menos hacia esta fecha, pues en 9 de enero de 1792, su viuda contrae nuevos esponsales en Santa María la Mayor de Pontevedra con Ramón Vidal Núñez, hijo de Valentín Gómez y María Isabel Núñez.

María Lorenza Aboal de Soto forma parte de la novena generación. Nacida el 4 de marzo de 1780, siendo apadrinada por Lorenzo Cierzo e Inés de Montes (APSMMP, *Libro VIII de Bautismos*, fol. 81 vto.); y fallecida el 5 de junio de 1854. Contrajo matrimonio el 1 de diciembre de 1798 con su tío político, **Francisco de Soto Franco**, hijo de **José de Soto** y de **Andrea**

las Vegas, en Cuba, Joaquín Eliseo García Besada, siendo madre de Fausto, delegado de Hacienda en Lugo y marido de Elia Varela de las Torres, Carmen, Celso, Abelardo, Joaquín y Áurea García Aboal, ésta fallecida el 22 de noviembre de 1921—, Carmen—fallecida el 12 de enero de 1929—, Fausta —esposa de Eulogio Carballo Cao— y Josefa Aboal Bravo —mujer de Arturo Rodríguez Prieto, fallecida el 7 de febrero de 1923, madre que fue de Rosa, muerta en Madrid el 20 de julio de 1910, Elvira, María y Áurea Rodríguez Aboal, ésta última, fallecida célibe el 9 de agosto de 1928— y Cosme Francisco Antonio Aboal Vázquez (nacido el 5 de febrero de 1852).

Franco, el cual previamente había estado desposado con Manuela Aboal do Val, tía carnal de María Lorenza por parte de padre:

En prim^o de Dic^{re} del año de mil setecientos noventa y ocho: yo Dⁿ Ventura de Torres y Lemos Rector de la Parrq.^a de S^{ta} Maria la Ma^{or} de esta villa de Pontev.^a, de precedidas las tres Amonestaciones, q.^e previene el S.^o Concilio de Trento, de q.^e no resultò mas Ympedim.^{to} de el en q.^e fueron despinsa.^{os}, por ser parientes en seg.^{do} grado de afinid.^d, y despues de haver cumplido las penitencias, q.^e les fueron impuestas, y absueltos de las censuras en q.^e pudieron haver incurrido, p.^r Decreto deel S.^r Prov.^{or} de este Arzobisp.^{do} en q.^e declara por lex.^a la prole, q.^e tuvieren asisti al Matrimonio, q.^e por mutuo consentim.^{to} ahn contrahido entre si Francisco de Soto viudo de Manuela de Aboal, y Lorenza de Aboal su sobrina hija lex.^a de Diego de Aboal, y de Ynes de Soto su muger: fueron test.^{os} Jph Benito Fariña Fran.^{co} Vens, y Benito de Abal, todos vez.^{os} deesta Parroquia, y para q.^e conste lo firmo= Ventura de Torres y Lemos. (APSMMP, Libro V de Matrimonios, fol. 28 vto).


Producto de este himeneo verían la luz ocho vástagos, con los que se alcanza la décima generación, a saber:

1. José Ramón Soto Aboal, nacido el 6 de noviembre de 1799 y fallecido infante, el 1 de septiembre de 1806.
2. Juan de Dios Soto Aboal, nacido el 13 de febrero de 1802 y fallecido, durante su pubertad, el 11 de agosto de 1817.
3. **Benito Soto Aboal**, el último pirata de Occidente, nacido el 22 de marzo de 1805 y ajusticiado en Gibraltar el 25 de enero de 1830, a la temprana edad de 24 años.
4. José Ramón Soto Aboal, nacido el 18 de abril de 1807, siendo bautizado en memoria de uno de sus hermanos mayores ya difunto, y fallecido el 24 de marzo de 1847. Entre medias tuvo nupcias con Rosario Tombo, el

4 de diciembre de 1833. Fruto de estos esponsales nacieron María Dolores (nacida el 29 de septiembre de 1834), Juan (nacido el 24 de enero de 1837), Próspero (nacido el 29 de septiembre de 1838), Peregrino (nacido el 6 de mayo de 1840) y Francisco Soto Tombo (nacido el 16 de junio de 1842).

5. Manuel Francisco Soto Aboal, nacido el 8 de octubre de 1809. Se unió en matrimonio a Manuela Padín, el 8 de febrero de 1839, procreando a Pilar (nacida el 29 de mayo de 1839, casada con Andrés Sánchez Paz, resultando padres de Víctor –nacido el 6 de mayo de 1880- y de Adolfa Sáncchz Soto –nacida el 29 de diciembre de 1883-), a María Antonia (venida al mundo el 1 de agosto de 1844, cuya mano fue pedida por Alberto Pinqueneque Soto, engendrando a Benjamín –nacido el 24 de diciembre de 1879-, Alfonso –nacido el 29 de marzo de 1881 y fallecido el 7 de noviembre de 1882-, Venancio –nacido el 22 de octubre de 1882-, Enriqueta –nacida el 18 de junio de 1884-, Miguel –nacido el 30 de septiembre de 1885-, María Pastora –nacida el 4 de noviembre de 1886- y a José Ramón Piqueneque Soto –nacido el 9 de julio de 1888-), a María Concepción (nacida el 5 de diciembre de 1846 y casada con José Benito Rodríguez, habiendo por hijos a José Alberto, Rogelio, María de los Desamparados y a Tomás Rodríguez Soto –matrimoniado con Clementina Veloso Area-)y a Juana Soto Padín (mujer que fue de José Ramón Soto Ramírez, alumbrando a Josefa –esposa de Ignacio Rey Pérez y madre de Evangelina y Argimira Rey Soto-,Juan –nacido el 5 de marzo de 1878-, María del Rosario –nacida el 27 de septiembre de 1879, madre de Isidoro Meijón Soto, tenido de sus nupcias con José Meijón Cao-, María Guadalupe –nacida el 13 de noviembre de 1880-, María del Consuelo –nacida el 6 de enero de 1883-, Teresa Carolina Juana –nacida el 5 de septiembre de 1884- y a María del Carmen Soto Soto –nacida el 6 de marzo de 1887-).
6. María Manuela del Carmen Soto Aboal, nacida el 13 de mayo de 1812.
7. María de los Dolores Soto Aboal, nacida el 23 de noviembre de 1814 y fallecida el 20 de enero de 1846. Se desposó con José María Fariña.

8. Manuel Miguel Soto Aboal, nacido el 30 de abril de 1817.



Con sigilo, sin perder tiempo, previas las disposiciones y precauciones, q. estime V. convenientes, procedera V. a prender à José Aboal hijo de Benito Soto y vecino de esta villa, poniéndole en prision segura, en la qual deve permanecer, sin vigilado à disposicion de este Tribunal, dándose V. parte inmediatamente del cumplimiento de esta providencia. Mas si como devo prevenir Dho. José Aboal se hallare preso, pues no me consta

Oficio de prendimiento de José Aboal.

Tras quedar viuda, contrajo segundas nupcias con Juan Rache Villa, el 21 de mayo de 1821 en Santa María la Mayor de Pontevedra, él oriundo de Santa

María de Vigo, hoy Concatedral de la Diócesis de Tui-Vigo, siendo hijo de otro Juan Rache y de María Rosa de Villa y Troncoso¹¹:

En veinte y uno de Mayo de mil ochocientos veinte y uno Yo D.ⁿ Sebastian Antonio Collazo, Vice Rector de Santta Maria la Mayor de esta Villa de Pontevedra, habiendo precedido todo lo dispuesto en el Santo Concilio de trento, tanto en esta Parroquia Como en la de Santa Maria de la Ciudad de Vigo, sin que hubiese resultado impedimento segun certificado de D.ⁿ Manuel Antonio Gonzalez Racionero Parroco de la dicha de Santa Maria de la Ciudad de Vigo; y con la Licencia del Señor Rector de esta, asisti al Matrimonio que in facie ecclesie han contraido entre si por mutuo consentimiento manifestado por palabras de presente Juan Rache soltero, hijo legitimo de Juan ya difunto, y de Maria Rosa de Villa y troncoso, vecinos de la referida Parroquia de Vigo, y Lorenza de Aboal, viuda, é hija tambien legitima de Diego Aboal y Maria Ygnes de Soto, ya difuntos. Fueron presentes Antonio Barca, Juan Lorenzo, y Francisco Xavier Filgueiras, todos de esta Parroquia. Para que conste lo firmo con el Seño Rector= Jose Bentura Rego y Dom^{ez} y Don Sebastian Antt^o Collazo. (APSMMP, Libro V de Matrimonios, fol. 115 vto).

11 Sus apellidos la ponen en conexión con Agustín de Villa y Troncoso, gallego avecindado en Guatemala, que a su vez en su testamento, en 1791, donó 2.250 pesos para la construcción de la iglesia de la Orden Hospitalaria de Belén. Había pasado a Honduras, desde Cádiz, en 1785, a bordo de la fragata La Bastanera, previa tramitación del expediente oportuno, donde se destalla su genealogía: era natural de la villa de A Guarda, en la diócesis de Tui-Vigo, como hijo de Juan Alonso de Villa y de Rosa Troncoso; nieto paterno de Luis de Villa y María Sotomayor, y materno de José Troncoso y Agustina Bouza (AGI, Contratación, 5528, N. 2, R. 90). En 1794 se desplazó a Veracruz, en el navío San Pedro de Alcántara (AGI, Arribadas, 517, N. 176). Se asentó en Ciudad Real de Chiapas, en Guatemala, habiendo casado con Rosalía Luisa González Murga, fallecida el 23 de marzo de 1845. Alcanzó el rango de diputado consular. Entre sus hijos se cuenta Vicente José Juan Troncoso y González, allí nacido el 6 de mayo de 1810, en la parroquia de San Cristóbal de las Casas, famoso por la arenga libertaria que pronunció el 16 de septiembre de 1827, el cual casó el 2 de febrero de 1832 en la misma con María de las Mercedes Lara Cansino. Hermana de este último fue María Josefa Troncoso, fallecida el 4 de febrero de 1829, soltera. Que el nombre de pila María Rosa de Villa y Troncoso coincida con el de la madre de Agustín de Villa y Troncoso, resulta sintomática del parentesco entre ambos, seguramente hermanos.



El *Defensor de Pedro*, abandonando la ría de Pontevedra, con la isla de Ons al fondo, zarpando en busca de aventuras. Recreación mediante IA.

Fruto de este matrimonio nacerían Agustina Ramona (el 21 de enero de 1821) y Juan Ramón Rache Aboal¹² (el 21 de julio de 1823 y fallecido el 20 de enero de 1900, quien casó el 5 de marzo de 1850 en Santa María la Mayor con Josefa Estremadoira Blanco, la cual pasó a mejor vida en julio de 1900, sin quedar descendencia de este matrimonio).

12 *Juan Ramón tenía propiedades y fue muy conocido en su tiempo como concejal del Ayuntamiento de Pontevedra, aunque figura en las actas como Racha, en la corporación del 1 de enero de 1894 y en la del 1 de julio de 1895, en la que el alcalde era José Riestra López y en la que Rache formó parte de la Comisión de Festejos (Bará Viñas, 2022).*

Abreviaturas

AGI. Archivo General de Indias. Sevilla.

AHN. Archivo Histórico Nacional. Madrid.

AHPPo. Archivo Histórico Provincial de Pontevedra.

AMP. Archivo del Museo de Pontevedra.

APSMMP. Archivo Parroquial de Santa María la Mayor de Pontevedra.

Bibliografía

- BARÁ VIÑAS, Milagros (2022). «Josefa García Estremadoira y Los Rache de A Moureira», *Diario de Pontevedra*, 23-10-2022.
- BELAUBRE, (2011). «El proceso de laicización de los hospitales en la capital del reino de Guatemala (XVI-XIX)», *Cambios y Permanencias*, 2, pp. 252–285.
- BENISIA Y FERNÁNDEZ DE LA SOMERA, Alejandro (1855). *El Milano de los Mares*. Sevilla, Imprenta de Juan Moyano.
- CARRERE, Emilio (1936). «Romance de Piratas», *El Eco de Santiago*, 03-06-1936, p. 1.
- CASTRO MIRANDA, Francisco Javier y GARCÍA LUQUE, Enrique (2008). *Los Diablos del Mar. La Odisea de la Burla Negra*. Cádiz, Absalón.
- CASTROVIEJO Y BLANCO-CICERÓN, José María (1955). *La Burla Negra*. Madrid, Prensa Española.
- COTA GONZÁLEZ, Rodrigo (2022). «Burla Negra, el barco que nunca existió», *Diario de Pontevedra*, 25-10-2022.

- DEL REAL PASQUÍN, Antonio (2011). «Los Duros Antiguos de Cádiz y el último pirata del Atlántico», *Revista General de Marina*, 260, pp. 433-36.
- ESPONDA JIMENO, Víctor (2003). «El discurso de Vicente Troncoso y González, 1827», *Anuario del Centro de Estudios Superiores de México y Centroamérica*, 2003, pp. 385-400.
- FEIJOO LAMAS, Leoncio (2012). «De cuando se halló el tesoro de Benito Soto», *San Roque*, nº 14, pp. 47-48.
- FORTES LÓPEZ, Alberto (1998). *Amargas han sido las horas*. Barcelona, Península.
- LAZAGA Y GARAY, Joaquín María (1892). *Los Piratas del Defensor de Pedro*. Madrid, Infantería de Marina.
- MOLLÁ AYUSO, Luis (2015). «Los duros antiguos, otra historia del mar», *Diario de Cádiz*, 15-02-2015.
- MUÑOZ LARA, Aurora (2010). «El último corsario del Atlántico», *El País*, 28-07-2010.
- PARADA MEJUTO, Jorge (1996). *El Último Pirata*. Pontevedra, Deputación Provincial.
- PARDELLAS DE BLAS, Celestino (2005). «Os tesouros de Benito Soto, entre o conto e a lenda», *Nodales*, 2005.
- PAZOS PÉREZ, Lino José (2003). «O Tesouro de Benito Soto», *San Roque*, nº 5.
- PEDRAS LORDA, Ramón Ricardo (2009). *Benito Soto. El Último Pirata*. Pontevedra, Litosprint.
- PEREA DE LA ROCHA, Antonio (1960). «Aquellos duros antiguos», *ABC*, 04-12-1960, p. 41.

- PÉREZ-REVERTE, Arturo (2006). «Un pirata de verdad», *El Semanal*, 29-01-2006.
- RAMOS GONZÁLEZ, José Manuel (2017). «A lenda da amante de Benito Soto». *San Roque*, nº 19, pp. 49-51.
- SOLLA VARELA, Carlos (2014a). «O tesouro de Benito Soto agóchase en Cerdedo (I)». *Faro de Vigo*, 03-08-2014.
- (2014b). «O tesouro de Benito Soto agóchase en Cerdedo (II)». *Faro de Vigo*, 10-08-2014.
- (2014c). «O tesouro de Benito Soto agóchase en Cerdedo (e III)». *Faro de Vigo*, 17-08-2014.
- VÁZQUEZ CASÁIS, José A. (1998). *La Heráldica de los Enterramientos en las Iglesias de Pontevedra*. Pontevedra, Deputación Provincial.

ESCUDO EN SAN FIZ DE FORZÁNS (PONTE CALDELAS)

Luis Ferro Pego e José M. Bértolo Ballesteros

Resumo

Analízase as armas dun escudo atopado en Forzáns (Ponte Caldelas) e expónse a xenealoxía do dono deste escudo, o escribán e veciño de Forzáns don Gregorio López de Soto e Piñeiro.

Abstract

This article analyzes the arms of a coat of arms found in Forzáns (Ponte Caldelas) and describes the genealogy of the owner of this coat of arms, the scribe and neighbor of Forzáns Mr. Gregorio López de Soto y Piñeiro.

Palabras chave

Forzáns, Ponte Caldelas, escudo heráldico, Soto, Piñeiro, fidalgo.

Key Words

Forzán, Ponde Candelas. heraldic coat of arms, Soto, Piñeiro, nobleman

Xunto á igrexa parroquial de San Pedro Fiz de Forzán atopouse hai poucos anos un escudo soterrado boca abaixo nas inmediacións do cemiterio, cando se estaban facendo as obras de ampliación para construír o cemiterio novo. Dous veciños que estaban facendo eses traballos atoparon a pedra e, ao querer quitala, despegaron sen querer o helmo do resto do escudo. Este descubrimento suscitou a curiosidade dos veciños, xa que ninguén sabía a que familia podía pertencer, e decidiron poñelo na súa posición actual que é a carón da porta principal de acceso á igrexa parroquial de Forzán.



Igrexa de Forzán. Xunto á porta o escudo.

Trátase dun escudo de deseño pouco habitual e bastante recargado. Sobre unha cartela de molduras angulares, rematadas nunha espiral e unidas por un anel nos extremos do cuartelado, xefe, punta e costados. Nos catro extremos dúas frechas ou lanzas que se espetan nun cordón. Timbrado de casco que mira para adiante con lambrequíns.

Escudo cortado e partido. Primeiro cuartel, baixo o lema de SOTO (do que por corrosión só se le: ...TO) hai unhas ondas, unha árbore e cinco flores de lis (unha flor trala árbore): Armas dos SOTO. Terceiro cuartel: un piñeiro e unha torre: armas dos PIÑEIRO. Segundo cuartel, unha torre ou acueduto, e no cuarto cuartel unha árbore.



Escudo en Forzáns.



Escudo en Forzáns. Debuxo de Javier García Gómez.

Sobre as armas dos Soto, lemos no testamento outorgado en 1586 por Juan de Soto, veciño de Pontevedra, que as armas dos Soto son *cinco flores de lis e unha torre e unha venera*¹. En Millerada (Forcarei) o escudo dos Soto ten no segundo e terceiro cuartel cinco flores de lis e unha árbore, pero non a torre, igual que neste escudo, no que a venera parece ser substituída polas ondas mariñas.

1 ARG. RA 3561/35; Bértolo, 2021: 39.



Escudo dos Soto en Millerada (Forcarei).

O terceiro cuartel, un piñeiro e unha torre, vémoste indicado na *Enciclopedia Gallega*, como armas dos PIÑEIRO.


Aínda sabendo con certeza como son as armas dunha familia, pode observarse que non se representan sempre do mesmo xeito, como vemos no caso dos Soto, porque a maioría dos escudos dos fidalgos galegos non foron aprobados polas autoridades e a creación dos escudos foi obra privada, non suxeita a normas e ademais dependía tamén da destreza do canteiro. Ás veces con sorte, atopamos a súa descrición e explicación, tal é o caso de Ramón Caxide Fariñas e Monteagudo, da casa-torre de Merza² ou ben o de Diego López-Ballesteros, do pazo de Golpilleira en Vilagarcía³.

2 AHN. Estado-Carlos III, Exp. 1532 ; Ferro-Bértolo, 2021: 243.

3 AHN.Estado-Carlos III,Exp.1684. páx.46 ss.

Dito isto, cremos que o escudo que hai en Forzans pertencía ao escribán Gregorio López Soto e Piñeiro, veciño de Forzans, que foi recoñecido a principios do ano 1715 como fidalgo pola Sala de Fillosdalgo de Valladolid⁴, xa que o primeiro e terceiro cuartel representan as armas dos Soto e Piñeiro e hai que pensar que o segundo e cuarto cuarteis fan referencia aos apelidos da muller de Gregorio, Juana de Sobral e Soto.

Nalgúns documentos Gregorio aparece como Sotomayor e non como Soto, quizais porque na súa ascendencia atopamos tal apelido e ademais Forzans pertencía á casa de Soutomaior, porén el asinaba como Soto.




Firma de Gregorio López Soto.

Xenealoxía

En Soutolongo (Lalín) na casa da Viñoa? vivía a finais dos s. XVI Juan **López de Sotomayor** casado con Magdalena de **Soto**⁵. Fillos seus foron:

4 ARCHV, Sala de Fillosdalgo, Caixa, 912/22.

5 Era parente, quizais irmá, do reitor de Millerada don Francisco de Soto, fundador do morgado de Hermosende en 1609, xa que este deixou como herdeiro en terceiro lugar a Juan, fillo de Madalena e de Juan López de Sotomaior (ARG.RA. 13450/7).



Firma de Juan López de Sotomaior, ano 1615.

1. Juan López de Sotomayor, que casou con Ana de Soto e foron veciños de Verducido (a unha legua de Forzáns). En 1654 Juan era un dos rexedores do concello de Soutomaior e o arrendatario das sisas de viño, vinagre, aceite e carne de dito concello.⁶

Ana de Soto casara primeiro con Martín Cabano e logo con Martín Piñeiro, de quen tivo dous fillos: Dominga Cabano ou Piñeiro Camaño⁷, e Pedro Piñeiro Cabano, abade de Verducido. Ademais Ana era irmá de Gregorio de Soto, veciño de San Martiño de Barcia de Mera (Covelo) e pai de Ana, a quen querían casar con algún dos fillos do seu sobriño Jacinto López de Soto.

Ambos outorgaron testamento o 22 de maio de 1655 ante Gregorio Álvarez Ferragudo, no que fundaron un vínculo deixando como usufrutuarios á filla de Ana, chamada Dominga Cabano, e a seu sobriño Jacinto López Soto, o marido de Dominga.


2. Francisco López Soto (que segue).

6 Familysearch. Protocolos de Gregorio Álvarez Ferragudo, 9-7-1654 e 15-4-1654.

7 Pode aparecer como Cabano ou como Piñeiro. Protocolos de Antonio Lusquiños, 18-10-1660 e 18-04-1662, a propósito de compras dunhas terras.

Francisco López Soto e a súa muller Catalina Gundín Taboada tamén viviron en Soutolongo. Foron os pais de Álvaro, María e Jacinto López de Sotomayor (que segue).

O capitán **Jacinto López de Sotomayor** foi bautizado o 5 de maio de 1630 en Santa María de Soutolongo, tendo por padriño a don Alonso Gundín.



Firma de Jacinto López Soto. a.1660.

Pasou a vivir ao lugar do Porto na parroquia de San Martiño de Verducido ao casar o 20 de xuño de 1646 con Dominga Cabano ou Piñeiro Camaño, fillastra do seu tío Juan López de Sotomayor. O cura que os casou, don Pedro do Piñeiro Caamaño, era irmán da noiva, e tiveron por testemuña a Álvaro López, irmán do noivo, así como a Francisco de Soto, presbítero, Juan de Soto, veciño de Barcia de Mera, e outros.

En 1660 o matrimonio merca en Verducido unha herdade chamada Labradiña por 44 ducados.

Jacinto e Dominga outorgaron testamento en 1696. Xeraron a:

1. **Gregorio López de Sotomayor** (que segue).
2. Juan López de Sotomayor, bautizado en Verducido o 14 de novembro de 1652, sendo os padriños Francisco de Soto, abade de san Pedro de Gaxate, e Apelonía González, a muller de Pedro da Ermida, veciña da Laxe. Foi

escribán de S.M e de Número de Gaxate e veciño de Cortegada de San Martiño de Verducido. Porén en 1724 vivía no Porto.

3. Pedro López de Sotomayor, foi bautizado en Verducido o 2 de maio de 1662, tendo por padriños ao capitán Lope de Barbeito e a María Boullosa, veciña de Gaxate. Foi veciño do Porto en San Martiño de Verducido,
4. Antonio López de Sotomayor, que foi cura.

Gregorio López de Soto e Piñeiro, foi bautizado en Verducido o 29 de xaneiro de 1652, tendo por padriños a Amaro do Piñeiro da Feixa e a Ana González, muller de Gonzalo de Currás, de Muíños.

A partir de 1671 foi escribán de S.M e de Número de Forzáns, onde era veciño, aínda que no ano 1688 e anos seguintes aparece como escribán e veciño de Soutomaior nalgúns documentos de compra-venda de terras. No Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra consérvanse os seus protocolos desde 1671 a 1713. Porén no expediente de fidalguía de 1714 aparece de novo como veciño de Forzáns.

Os escribáns eran ben considerados socialmente pois supuña neles unha boa formación académica e unha boa posición económica. En efecto, se ben había escribáns de diversos tipos, os escribáns reais recibían a súa autoridade e nomeamento da Coroa tras ser examinados e aprobados polo Consello, quen a partir de 1570 delegou na Real Audiencia da Coruña a potestade para examinar e aprobar aos aspirantes. Para exercer pedíaselle, entre outros requisitos, ser maior de 25 anos (na práctica vemos excepcións), limpeza de sangue, dous anos de prácticas e dispor de patrimonio suficiente. Ademais debía satisfacer o dereito de *media annata* para recibir o título, é dicir, tiña que entregar á Coroa a metade do que ganase o primeiro ano. Os escribáns de número eran nomeados polo Señor do coto ou xurisdición, que neste caso era o señor de Soutomaior e marqués de Tenorio, se ben tiñan que contar tamén coa aprobación do Consello.

Os escribáns acompañaban aos xuíces ordinarios en calquera acto de administración de xustiza e goberno xurisdiccional, polos que percibían os seus respectivos dereitos, de aí que este oficio era moi lucrativo.

En 1676 estaba xa casado con Juana de Sobral e Soto⁸, irmá do licenciado Miguel e de Juan Antonio, presbítero de Santa María de Barbudo e logo de Soutomaior, quen o 22 de febreiro de 1687 traspasa a seu cuñado Gregorio uns bens que mercara cos cartos do propio Gregorio⁹.

Gregorio xunto cos seus irmáns Juan e Pedro pediron ser recoñecidos como fidalgos en 1715, pois os seus ascendentes son *hidalgos notorios de sangue*, de aí que solicitan que *se les borren de los padrones de pecheros si les hubiesen puesto en ello y les vuelvan y restituyan tolas las prendas y mas que les han sido sacadas por pecho de pecheros libremente y sin costa*¹⁰. E máis, piden que ao consello e veciños de Verducido se lles poña unha multa, por non querer recoñecelos como fidalgos. E así, unha vez que teñen o recoñecemento oficial, o 28 de abril de 1715 deuse a coñecer aos veciños a resolución da Sala de Fidalgos de Valladolid na misa da igrexa de San Martiño de Verducido.

Gregorio outorgou testamento ante Marcos Castellano de Sobral¹¹ e morreu no ano 1716. Gregorio e Juana tiveron por fillos a:

1. Juan Antonio López de Sotomaior, cura de San Adrián de Calvos. O beneficio do curato de Calvos pertencía á súa cuñada Francisca Lorenzo. En 1754 vendeulle unha leira a seu cuñado Francisco Míguez¹².

Finou a finais de 1764 ou principios de 1765, xa que outorgou un codicilo a 23 de decembro de 1764 ante Salvador Pereira de Sobral e xa morrera a 19 de xaneiro de 1765¹³. No codicilo deixaba 400 reais para o altar da Virxe do Car-

8 Familysearch. Protocolos de Manuel Antonio Míguez, 07-06-1682, 03-11-1709.

9 Familysearch. Protocolos de Manuel Antonio Míguez, 22-02-1687.

10 ARCHV, Sala de Fillosdalgo, Caixa, 912/22.

11 Non se conservan os seus protocolos.

12 Familysearch. Protocolos de Dionisio Pereira, 20-11-1754.

13 Familysearch. Protocolos de Salvador Pereira de Sobral. 19-01-1765.

me da igrexa parroquial, diversas mandas para os seus sobriños e bisobriños, e nomeaba como herdeira á súa sobriña Antonia López de Sotomaior, a muller do licenciado Pedro Barreiro Hermida.

2. Andrea López de Sotomaior (que segue).

3. Andrés López de Sotomaior. Era capitán. Casou con Francisca Lorenzo González, filla de Juan Lorenzo e de Dominga Amoedo.

Francisca tiña un tío abade de San Adrián de Calvos chamado Lorenzo González Alemparte¹⁴, que fixera unha fundación de misas en Calvos con parte de seus bens que uniu aos da súa cuñada Dominga de Amoedo e que herdou Francisca. (o seu pai Juan Lorenzo disipara os seus bens).

O 12 de febreiro de 1742 ante José Carballido Meneses¹⁵, Francisca outorgou testamento no barrio de Sobral (Soutomaior)

As partillas dos seus bens fixéronse o 22 de xaneiro de 1771 ante Salvador Pena Sobral, pero un ano máis tarde Magdalena puxo demanda, pois as partillas quedaron en suspenso e ao parecer queimáranse uns documentos. Por todo isto recorre á Real Audiencia. Fillos seus foron:

- a. Gregorio López de Sotomaior. Casou en Calvos con M^a Angela Lorenzo.
- b. Magdalena Antonia¹⁶ López de Sotomaior, que casou co licenciado Pedro Barreiro Hermida, avogado e alcalde maior da casa e estados de Soutomaior, de onde eran veciños.

Foi a herdeira única de seu tío José Antonio, cura de San Adrián de Calvos. Fillos deles foron M^a Antonia Barreiro López, que casou con don Francisco Lorenzo Rodríguez, Pedro e Josefa, que casou con don Manuel García¹⁷.

14 Testamento o 7 de marzo de 1697 (ARG. RA 10110/30).

15 ARG. RA 10110/30.

16 Familysearch. Protocolos de Salvador Pereira de Sobral. 19-01-1765.

17 Familysearch. Protocolos de Salvador Pereira de Sobral. 19-01-1765.

Andrea López de Sotomaior, que casou con Francisco Míguez. Vivían na vila de Soutomaior. Foron pais de:

1. Francisco Míguez. Foi cura e outorgou testamento o 20 de agosto de 1754, deixando os bens a seus sobriños, sobre todo a Vitoria.
2. Manuel Antonio Míguez. Foi escribán. Casado, tivo un fillo chamado Juan Manuel.
3. Benita Míguez, que casou con Francisco Antonio Durán. Seu tío José Antonio cura de S. Adrián de Calvos deixoulle 3000 reais que lle estaba a deber o abade de Gaxate don Francisco Garrido, así como as propiedades que tiña en Sabaxáns¹⁸.

Pais de Vitoria Duran, que casou co escribán Feliz Benito Pereira, e que tiveron por fillas a Josefa e M^a Antonia Pereira, que foron favorecidas polo citado cura de S. Adrián de Calvos no testamento cunha casa en Soutomaior.

4. José Javier Míguez, cura de San Xiao de Marín e o seu anexo Sta. María do Porto. Debíalle 3000 reais a seu tío Juan Antonio e este no testamento pide que se entregue 1000 a seu irmán Juan Manuel e outros 1000 á súa curmá M^a Manuela Tobío.
5. Juan Manuel Míguez.

Poucos anos despois da morte de Gregorio os seus fillos e descendentes xa non vivían en Forzáns, pois pasaron a residir en Soutomaior, en Verducido ou noutros lugares, de aí que o escudo, casa e sepulturas desta familia quedaron esquecidas. E así comprobamos que no catastro do Marqués de Ensenada (1752-53) xa non hai rexistrado ningún fidalgo na parroquia de Forzáns.

18 Familysearch. Protocolos de Salvador Pereira de Sobral, 19-01-1765.

Fontes e Bibliografía

- ARCHV. Arquivo do Reino de Galicia. Real Audiencia. A Coruña.
- AHN. Arquivo Histórico Nacional. Madrid.
- AHPPo. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- ARCHV. Arquivo da Real Chancelería de Valladolid.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. (2021) *Fidalguía e heráldica de Terra de Montes*, Xunta de Galicia.
- FERRO, L. e BÉRTOLO, JM. (2021) «A Casa Torre de Merza. Vila de Cruces» en *Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, Pontevedra. nº 17, pp. 239-268.
- <https://www.familysearch.org/es/>

CAPITEL DO CALVARIO DE SANTA MARÍA DE MUXÍA. PARALELISMOS E SEMELLANZAS DUN ELEMENTO ÚNICO.

Javier García Gómez
terrdefaro@hotmail.com

Resumo

Achegamos unhas breves notas sobre o capitel medieval coa representación do Calvario de Xesucristo na Cruz, que se atopa na igrexa parroquial de Santa María de Muxía; xunto cunha comparativa, estilística e formal, con outras pezas semellantes atopadas nunha construción auxiliar no pazo de Meirás, en Sada.

Abstract

We present some brief notes on the medieval capital, representing the Calvary of Jesus Christ on the Cross, which the parish church of Santa María de Muxía holds; as well as a stylistic and formal comparison with other similar pieces in an auxiliary construction in the manor house of Meirás, in Sada.

Palabras clave

Muxía, capitel, Calvario, Xesucristo.

Historiografía de referencia

No contexto espacial do material iconográfico que veremos de seguido na igrexa de Santa María, destacan os varios capiteis e ménsulas das semicolumnas dos arcos, que representan escenas e figuras antropomorfas e zoomorfas, como a creación do mundo e un antílope cunha ovella nos do lado do Evanxeo da nave; Daniel entre dragóns e outro antílope, nos correspondentes opostos no da Epístola.



Interior caleado de Santa María de Muxía a comezos do século XX¹.

Por outra banda, os capiteis do arco de ingreso ao presbiterio, presentan varias árbores con froitas, outro de formas vexetais e un terceiro liso, no lado da Epístola. No do Evanxeo están representados unha árbore da vida, unha cabeza de touro e un calvario. Este interesante capitel tallado en baixo relevo de pouca profundidade, o único no que aparece unha escena con personaxes, mostra a lectura iconográfica da crucifixión de Cristo no monte do Calvario ou Gólgota, nun conxunto composto por cinco figuras antropomorfas de factura moi arcaica e esquemática, aínda

1 García de Pruneda, 1907: 160. *Muxía (A Coruña). Interior da igrexa parroquial*. Fototipia de Hauser y Menet. Madrid.


que cargada de simboloxía como recordatorio do dogma da caída e da redención. Debemos destacar a estreita relación entre os elementos da árbore da vida e a escena do calvario, a cruz símbolo dos cristiáns feita coa madeira da árbore do ben e do mal, a unión dos dous mundos antagónicos e complementarios, o ceo e a terra.

Son moi escasos os precedentes bibliográficos ou estudos que puidemos atopar sobre as representacións escultóricas deste templo, que citaremos brevemente. En 1907 o enxeñeiro militar García de Pruneda fai unha descrición desta igrexa citando, entre outras cuestións históricas e arquitectónicas, varios aspectos a considerar relativos á súa disposición e decoración.

[...] No tramo C da cruz (único que hoxe se conserva) ten bóveda de aresta con nervios rectangulares apeados nuns capiteis terriblemente rudos, vexetais, e algún historiado. Os capiteis, rigorosamente cilíndricos, teñen algunhas figuras de animais, maiormente porcos; un representa a crucifixión cunha rudeza horrible (tal é a capa de cal que os cubre que é difícil distinguir as figuras). Na ábsida hainos de dous tipos: os pertencentes a arcos de sección rectangular son vexetais, os segundos teñen tal tendencia ao bisel na súa labra, que os acredita de visigodos sen dúbida algunha.

Nos poucos elementos decorativos que conserva a igrexa, distínguense tres épocas: pertencen á primeira os capiteis, probablemente visigodos, que publicou López Ferreiro; á segunda os historiados rudos, do que dan idea os fotogravados, e os arcos rectangulares son da erección da igrexa; da terceira son os arcos intercalados entre os outros na cabeceira do templo con capiteis distintos, pertencen a algunha restauración levada a cabo en época descoñecida².

2 García de Pruneda, 1907: 161-164.



Columnas e capiteis da nave central e do presbiterio³.

Da primeira metade do século XX, temos tamén a achega de numerosos debuxos de elementos arquitectónicos e artísticos da man do freire mercedario Pedro Nolasco Gaité que, para o contexto que nos ocupa, presenta a serie *Capiteis de la Igrexa Parroquial de Muxía*, onde realiza en sinxelos trazos varios de estes soportes, entre os que se atopa o capitel do calvario en visión frontal, coa figura de Cristo na Cruz.



Capiteis de Santa María de Muxía⁴.

3 García de Pruneda, 1907: 163.

4 Nolasco Gaité, caderno II:108.

Outra das referencias historiográficas que describe, aínda que de xeito breve e sucinto, aspectos construtivos e decorativos deste templo, referendado como *interesante exemplar de igrexa románica de transición*, débese ao erudito, historiador da arte e arqueólogo Ángel del Castillo; nunha citación publicada no xornal La Voz de Galicia co gallo da celebración da romaría da Virxe da Barca en setembro de 1955.

[...] Ingrésase na ábsida ou Presbiterio por un arco triunfal apuntado, apoiado igualmente sobre semi columnas acaroadas aos muros; está cuberta dita ábsida con bóveda de canón da mesma directriz, que teñen tamén, como é natural, os tres arcos transversais ou faxóns con que se reforza dita bóveda; o triunfal e o central dos faixóns son mais antigos e de diferente perfil; as outras dúas construíronse mais tarde como reforzo necesario que precisou a ábsida; os capiteis de uns e outros, como é natural, pertencen tamén a dúas épocas, sobresaíndo un con cinco figuras cuxa escena nos está clara. Os capiteis adórnanse con curiosas figuras esculpidas, sendo algún deles historiado⁵.


Chegados a este punto xorden os interrogantes, o interese pola análise en particular dun elemento que se antolla como único na representación iconográfica da provincia da Coruña, como ben indica M^a. José Domingo no seu detallado estudio do bestiario das igrexas románicas deste ámbito xeográfico.

Capiteis do presbiterio. O 2 é un calvario, moi interesante e ademais o único que atopamos na provincia. No centro Cristo na cruz con vestido talar, franqueado por dous personaxes, deben ser os centurións que lle dan a esponxa e lle cravan a lanza. No lado esquerdo hai outro crucificado, un dos ladróns. No dereito unha muller orante cos brazos erguidos, a Virxe María. A tala é arcaica pero ten unha gran expresividade⁶.

5 Castillo, 1955: 10.

6 Domingo Pérez-Ugena, 1998: 198.

Como logo veremos, este elemento presenta paralelismos case idénticos para teorizar, cando menos, unha relación comparativa tanto do arcaísmo da labra como da propia escena amosada. A pesar que desde o epicentro compostelán comeza a irradiación da nova linguaxe formal románica, a través dos talleres e mestres da fábrica da catedral desde mediados do século XII, a situación periférica do templo muxián semella significar un certo grao de conservadorismo e sinxeleza da ornamentación escultórica, como veremos na análise posterior.



Planta de Santa María de Muxía⁷.

Lectura iconográfica

A iconografía do Calvario ou Crucifixión de Xesucristo é un dos temas mais recorrentes da arte cristiá, representa a paixón e morte do fillo de Deus na Cruz como símbolo da salvación da humanidade, punto central da súa doutrina que amosa o acto supremo de sacrificio, perdón e redención. Unha primeira

⁷ Agradecer a colabouración de Alberto García Aldao, alumno da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, no deseño da planta e distribución interior da igrexa de Santa María de Muxía.

aproximación analítica á simboloxía desta peza, achéganos á figura de Cristo como estruturador central, eixo compositivo en torno ó que se desenrola o conxunto da escena, destacando a cruz como elemento principal e máximo símbolo da iconografía relixiosa cristián, visible nos laterais horizontais e no vertical superior.

O Salvador é representado aínda vivo, cravado nas mans e con vestido talar, a xeito de pano de pureza ou *perizonium*, desde a cintura ata os xeonllos. As pernas, do mesmo xeito que os demais persoeiros da escena, están en paralelo e semellan pisar directamente sobre o chan ou *patibulum*, sen rastro da base da cruz nin indicios de cravos nos pes. Este modelo de representación da cruz co crucificado, entre outras renovacións litúrxicas, introdúcese no imaxinario tralas indicacións conciliares xurdidas no século XI para asegurar a implantación do rito romano, pretensión que levaba aparellada a consolidación do control episcopal sobre as diferentes xurisdicións relixiosas, incluídas as parroquias.


O crucificado aparece en actitude maxestosa, afastada de calquera tipo de sentimento humano, ausente de sufrimento, dramatismo ou mostras anatómicas que denuncien o sacrificio de estar cravado na cruz, unha falta de expresividade propia do románico onde desaparecen as mostras de dor, polo feito de estar representando a Deus. Do mesmo xeito que as demais figuras da escena, amosa frialdade e distancia, ademais dunhas características faciais uniformes, inexpressivas e frontais.

A ambos lados de Cristo están representados dous personaxes que podemos identificar como soldados romanos, os encargados de executar a sentenza da crucifixión. Á súa esquerda está unha figura vestida cun uniforme que ben puidera ser a denominada *lorica segmentata*, armadura dos lexionarios romanos composta de numerosas placas metálicas horizontais, das que aínda se poden observar sinxelos trazos na factura da talla. A súa postura, dotada dun sutil pero perceptible dinamismo, semella representar un certo grao de poder e mando, coas pernas abertas, o brazo esquerdo acolado ao cinto e o dereito ensartando a lanza no costado do crucificado.

Identificamos a este personaxe con Longino, o centurión romano encargado por Pilatos para a crucifixión e que, nun momento da mesma, atravesa o costado

dereito de Cristo coa lanza para confirmar a súa morte, pasaxe que recolle o Evanxeo de Xoán (19:33-34): *Pero ao chegar a Xesús, como o viron xa morto, non lle romperon as pernas, senón que un dos soldados atravesoulle o costado cunha lanza e nese intre saíu sangue e auga*. Conforme á tradición relixiosa posterior, este home arrependido polos seus actos convértese ao cristianismo chegando a ser considerado santo, natureza que acadou tamén o obxecto militar utilizado, coñecido como Lanza Sagrada.

Á dereita do crucificado hai outro soldado romano vestido cunha cota de guerra, uniforme sinxelo e moi esquemático dunha soa peza de forma cuadrangular. Como complemento a xeito de casco, este soldado cubre a cabeza cunha especie de bonete de forma cónica, a semellanza das capas con capucha mais propia da época medieval no que foi tallado o capitel, que do período romano que pretende representar. Debemos ter en conta o espazo de tempo transcorrido entre o acto representado e a execución material do capitel, arredor de mil douscentos anos, o que condiciona a indumentaria representada nos personaxes polo artista canteiro. Aínda que a figura non é portadora de ningún obxecto visible, posiblemente polo desgaste do granito, podería portar a cana con esponxa para ofrecerlle bebida a Cristo na Cruz.



Representación da escena do Calvario.

Continuando coa tradición medieval que adoita representar os dous soldados romanos na mesma escena, este segundo sería o coñecido como Estefatón que, nun acto de misericordia, ofrece unha esponxa empapada en vinagre cando Xesús exclama que ten sede, recollido tamén no Evanxeo de Xoán (19:29): *Había alí unha cántara chea de vinagre, colocaron pois unha esponxa empapada do vinagre nun ramallo de hisopo, e achegáronlla á boca*. Chama a atención un detalle significativo na posición dos soldados, pois na tradición tanto pictórica como escultórica medieval, Longino e a lanza son representados á dereita de Xesús, a nosa esquerda si observamos a escena de fronte, mentres que Estefatón e a cana coa esponxa estaría situado á súa esquerda. Puidera tratarse da manifestación da liberdade de interpretación do artista ou, se cadra, un erro na copia doutros elementos semellantes, como logo veremos.

A figura da esquerda do capitel fai de remate da peza, polo que aparece parcialmente mutilada por mor da súa posición acaroadá á parede do presbiterio, onde está do mesmo xeito a semicolumna circular na que se apoia. Representa un home crucificado que podemos identificar como Dimas, o bo ladrón, que foi sentenciado a esta pena e executado á dereita de Xesús. Á súa esquerda estaría crucificado Gestas, o mal ladrón, que non se representa nesta escena. Seguindo o relato do Evanxeo, ante as queixas de sufrimento de Dimas, Xesús trata de confortalo dicíndolle que antes de rematar ese día, estaría con el no Paraíso (Lucas, 23:43).

A derradeira das cinco figuras, que pecha o capitel pola dereita, representa unha muller cos brazos levantados ao ceo en actitude orante, implorando clemencia ante o que estaba a sufrir. Podemos considerar que representa á Virxe María, a mais importante das tres mulleres presentes na crucifixión de Xesús, xunto a María Magdalena e María Cleofás. *E xunto a cruz de Xesús estaban súa nai, e a irmá da súa nai, María, a muller de Cleofás, e María Magdalena* (Xoán, 19:25).

Estilo e linguaxe plástica

Debemos ter presente o contexto temporal na que esta peza foi elaborada, no conxunto do templo parroquial, arredor da segunda metade do século XII, época na que o desenrolo da arte figurativa e a representación simbólica era moi sumaria e sinxela, primitiva poderíamos afirmar, na que a variedade de modelos iconográficos e manifestacións plásticas relacionadas co crucificado era moi reducida. Aínda así, a figuración do capítulo exposto xa se atopa codificado, en concorrencia co pensamento creado baixo os presupostos dogmáticos da Igrexa para o adoutramento dos fieis, mediante un sentido narrativo intelixible para o conxunto da poboación, maiormente iletrada, no ámbito xeográfico periférico no que se atopa a vila de Muxía. A iconografía adquire aquí unha función estritamente simbólica, convencional, formada por aspectos básicos e simplificados, lonxe de calquera expresión de naturalismo. O conxunto das figuras, exentas de animación, reforzan o seu carácter de iconas abstractas afastadas da dimensión humana, carentes de movemento e cun tratamento moi austero tanto das persoas como das súas vestiduras.



Capitel do Calvario.

Vemos así como a motivación das imaxes pretende conxugar a función ornamental coa ensinanza, o adoutramento daqueles que non saben ler, recurso fundamental na cultura visual do occidente cristián. Atopámonos ante un acertado exemplo de utilización da semiótica como canle de visualización da propia institución relixiosa, lexitimando, por unha banda, o seu poder e

influenza e, por outra, ordenando e conservando a realidade social mediante o reforzo do imaxinario colectivo; ofrecendo á comunidade unha sensación de protección, harmonía e continuidade, converténdose nun valioso factor de cohesión social e territorial.

As figuras escultóricas convértense nunha auténtica Biblia ilustrada destinada a ser lida, agora si, para interpretar os principios inmutables da teoloxía cristiá, ademais do medio de comunicación para a inmediata catequese, correctora de vicios e costumes inadecuadas da poboación. Deste xeito, as características formais e iconográficas resaltan a estreita relación coa natureza funcional desta peza, a súa posición espacial no aceso ao Presbiterio, interpretado como o lugar principal da liturxia románica que conduce á finalidade pretendida, que non é outra que a salvación e a resurrección.

A formación dos artistas escultores, como canteiros especializados en labras dunha certa calidade, facíase no taller dun mestre, posiblemente procedente ou partícipe das obras da Catedral de Santiago de Compostela, erguida seguindo os presupostos clásicos do románico entre 1075 e 1088, baixo o episcopado de Diego Peláez. A tipoloxía do relevo e a forma da talla irían en función de diferentes variables, suxeitas á especialización dos artistas canteiros ou a elementos autóctonos susceptibles de imitación por conservadorismo, lonxe das novas influencias dos grandes centros de poder eclesiástico. Constátase un intento por evolucionar desde a permanencia de valores prerrománicos, onde o recurso á innovación crea formas sometidas a prototipos miniaturísticos afastados da monumentalidade, apelando a ciclos iconográficos que xa contaban cunha traxectoria amplamente difundida e materializada na arte cristián.

Con estes condicionantes e tal como podemos observar neste baixo relevo, o resultado son personaxes de factura xeométrica, anatomías uniformes, caras redondas, roupaxes e pregues sinxelos, gran esquematismo e ausencia de modelado, coa única mostra de expresividade mostrada a través dos grandes ollos abertos. Trátase dunha representación arcaica, cunha visión idealizada de Xesús vencendo o suplicio da cruz, vivo, erguido, sereno e cos ollos abertos; exteriorizando a grandeza divina de mostrarse como o Salvador tal e como se

transmite nos Evanxeos, que omiten calquera comentario relativo a manifestacións ou xestos de dor e debilidade.



Representacións medievais, escultórica e pictórica, da crucifixión.

Influencias e semellanzas

Trataremos, pois, de contextualizar esta peza escultórica dentro do abondoso patrimonio figurativo presente no ámbito espacial muxián, no marco cronolóxico entre os séculos XII e XIII. Tendo en conta a localización xeográfica periférica que antes apuntabamos, a procura de posibles exemplos e paralelismos que puideran influenciar na factura material do calvario, achéganos de xeito obrigado á igrexa románica de San Xián de Moraime, templo de planta basilical de tres naves datado de mediados do século XII, época que se aproxima á de Santa María de Muxía. Coa evidencia que supón a gran diferenza das temáticas e iconografía simbólica representadas, ademais da monumentalidade dos elementos estruturais, podemos observar un certo grao de semellanza na execución das figuras antropomorfas que representan a teofanía celeste das arquivoltas, e as de Xesús entre os elixidos no lintel da portada occidental, coas que xa analizamos en Santa María.

Sen mais certeza que o paralelismo das formas, expresións ou tratamento dos relevos, unha datación semellante, ademais do factor de proximidade, sumado á falta de documentación que asegure unha influencia directa entre os canteiros das fábricas, deixamos en simple conxectura a posible relación

ou taller común dos escultores de ambos templos. Remataría aquí a nosa análise e interpretación do programa iconográfico do capitel, de non ser polo achado, totalmente casual e inesperado, de varias pezas que sorprenden pola súa semellanza iconográfica e formal. Durante os traballos de campo noutra investigación histórica de natureza diferente, atopamos dúas pequenas tallas graníticas nun ámbito xeográfico afastado da vila de Muxía, totalmente descontextualizadas, nunha construción anexa do pazo de Meirás, en Sada. O que en principio semellaría non acadar un fundamento común, por razóns obvias, rematará tendo unha relación directa, baixo a nosa interpretación e valoración subxectiva, como veremos de seguido.

Espolio de elementos artísticos

Como resultado das eleccións de marzo, o 18 dese mesmo mes, comezou a funcionar a nova corporación presidida polo novo alcalde Juan Antonio de Soto²². Son moi poucos os datos que temos deste período porque soamente hai tres actas de 1838 e unha de 1839. Formaban parte deste nova corporación municipal: Domingo Antonio Rama, Bernardo Bastón, Jacinto Antonio Varela, Manuel Couto, José Benito Cotelo, Ramón Blanco e Francisco Villar Laíño como síndico xeral. Aínda que non figura como presente na primeira sesión presidida por Soto, fora elixido en marzo como segundo rexedor Manuel Insua. Jacinto Antonio Varela era suplente de José Santiago Alfeirán por enfermidade.

O 16 de decembro de 1838 celebráronse eleccións para a renovación da metade dos rexedores, tal como establecía a lexislación vixente, consignándose no expediente correspondente unha petición formulada por parte dos electores elixidos nas respectivas parroquias:

Establecida pues de este modo la Junta Electoral, se procedió al examen de las respectivas credenciales o actas verificadas en las ocho parroquias de que se compone este distrito municipal [...]

21 BOP, 26-07-1837, p.4. AMM. LAAM. C- 113. Sesión do 09-07-1837 cos acordos para a xura e promulgación da Constitución.

22 Soto figura como elector para elixir deputados a Cortes en xullo de 1836. BOP, 30-07-1836, p. 1.

y las aprobaron sin tener que objetar en contrario. En su virtud, dichos señores electores, teniendo en justa consideración que todo el distrito por la conducta probada de los dos señores alcaldes D. Juan Antonio de Soto, D. Domingo Antonio Rama y el procurador D. Francisco Villar Laiño, sujetos en quienes residen las circunstancias de probidad, abono, instrucción, cohesión a las actuales instituciones y finalmente honradez a toda prueba les aclaman todos los vecinos ciudadanos por su buen comportamiento y recta administración de justicia y utilidad pública que han producido sus trabajos y desvelos.

Atendiendo así bien a que se carece de sujetos idóneos y de iguales prendas en el distrito que no llevan ni tampoco un año en sus destinos y por consiguiente no permitiendo el vecindario prescindir de ellos conforme a la Constitución y a los decretos que rigen en la materia, desde luego les nombran para que continúen desempeñando sus cargos por todo el año de mil novecientos treinta y nueve a cuyo fin se ponga esta elección en conocimiento de la Excma Diputación Provincial para que atendiendo las circunstancias mencionadas se digne dispensar su superior aprobación con arreglo al artículo 316 de la referida Constitución, haciendo solemne protesta que el ánimo de los señores electores no es por ningún motivo infringir ni variar el espíritu de la ley sino el de que los pueblos del distrito y el público continúe gozando del beneficio de la administración de dichos tres concejales. Y para renovar la mitad de los seis regidores proceden en reemplazo de los tres antiguos al nombramiento de los siguientes sujetos: Ramón Pose [...], Bernardo Varela [...] y Manuel Zumalave [...] quedando Manuel Couto [...], José Benito Coteló[...] y Ramón Blanco²³.

Non será a primeira vez que os electores, ou parte deles, soliciten a continuidade de toda ou parte da corporación municipal, desexo case nunca cumprido.

23 AMM. Expediente de eleccións. 1839. C-1087. Manuel Zumalave, de Barizo, figura con 1.500 reais de renda.

Pedro María Abelenda

Xaneiro 1839 - Febreiro 1840

O 13 de xaneiro de 1839 os electores representantes das parroquias elixen a Pedro María Abelenda como primeiro alcalde, a Domingo Antonio Rama como segundo e a Antonio Carballido como procurador xeral²⁴, cargos que mantiveron ata febreiro de 1840.

Juan Antonio de Soto

Febreiro 1840 - Xaneiro 1841

Con data do 28 de decembro de 1839, os electores, entre los que se encontraban varios párrocos do municipio, sentiron a necesidade de dar unha explicación das razóns polas que elixiron a Juan Antonio de Soto, explicacións que enviaron ao gobernador civil e que se recollen na acta do 17 de febreiro de 1840.

Dijeron que en el acta celebrada en veinte y ocho de diciembre último manifestaron los imprescindibles fundamentos que tuvieron para elegir de alcalde primero constitucional al Sr. D. Juan Antonio de Soto, fundamento que no desapreció la justificación del Sr. Jefe Político según su comunicación de fecha 9 de enero último en cuya virtud se posesionó el D. Juan y está ejerciendo su encargo con aplauso público, como ya lo verificó en 1836 y 1838 en que obtuvo relevante aceptación pública [...] esmerándose siempre por complacer y servir al vecindario a todas horas. Si prescindiesen de los motivos de su acertada elección de concejales faltarían a su conciencia, al deber que les impone el honroso carácter de electores y expondrían a sus comitentes a que fueran administrados por personas que sobre no merecer confianza pública les acarrearía la venganza y el odio en todos los ramos de las atribuciones de los alcaldes y una exacción pecunaria que no podrían soportar estos extenuados pueblos. [...] Fundada pues esta junta electoral en estos principios y en el del bien público

24 AMM. Expediente de elecciones. 1839. C-1087.

por que anhela no puede menos de insistir en el nombramiento de alcalde primero en el mismo D. Juan Antonio de Soto, lo cual afirman y ratifican, o preciso siendo lo hacen de nuevo, pues como electores están obligados a nombrar sujetos honrados a toda prueba y no los que sean la ruina y el odio de sus conciudadanos. [...] Por lo cual acuerdan se deduzca testimonio de esta acta y dirija a la Excm. Diputación Provincial para que se digne aceptarla y aprobarla y si no estuviere en sus atribuciones hacerlo o resolver alguna duda en la observancia del precioso campo que tiene abierto el artículo 316 de la Constitución de 1812 vigente para este asunto se sirva elevarla a S.M. por la vía oportuna²⁵.

A lexislación municipal e o nivel de control dos concellos por parte dos gobernos foi un tema de forte enfrontamento entre os liberais conservadores e os progresistas. De feito, a Lei Municipal foi a causa inmediata que puxo fin á rexencia de María Cristina en setembro de 1840. O novo rexente, Baldomero Espartero, publicou un manifesto defendendo a necesidade de que os concellos non fosen controlados desde o poder central e suspendeu a execución da lei que a raíña rexente aprobara en outubro de 1840.

Pedro María Abelenda

Xaneiro 1841 - Xaneiro 1842

Novas eleccións a finais de 1841 cambiaron de novo a composición do concello e volveu a ocupar a alcaldía Pedro María Abelenda²⁶.

A finais de 1841, os membros do concello presentes na sesión fixeron constar en acta a petición de que Abelenda continuase sendo depositario das contribucións que se recadasen no concello, cargo que xa viña desempeñando desde 1837.

25 AMM. Expediente de eleccións para 1840. C-1087.

26 Xunto co alcalde, formaron a nova corporación Bernardo Antonio Lema como segundo alcalde, Manuel Insua como procurador xeral e os tres rexedores novos en substitución dos que xa levaban dous anos no cargo. AMM. LAAM. C-113. Sesión do 01-01-1841.

Teniendo en justa consideración el Ayuntamiento el notorio abono, conducta irrepreensible y más circunstancias que en sí reúne D. Pedro María Abelenda, actual presidente, vecino del pueblo de Buño, quien siempre ha procedido con muchísima exactitud, tanto en las entregas de contribución en arcas nacionales cuanto en los fondos municipales que se le habían confiado. Desde luego la corporación, por unanimidad absoluta, aprueba, confirma y ratifica el nombramiento hecho en su favor de depositario de todas las contribuciones y caudales del distrito para que siga ejerciéndolo en el año próximo y siguientes, a cuyo fin se el releva de toda fianza y garantía²⁷.

José Francisco Romay

Xaneiro 1842 - Xaneiro 1843

Nas eleccións de renovación parcial do concello celebradas o 19 de decembro de 1841 houbo cambios destacados tanto polas novas persoas que entraron a formar parte, como las súas categorías profesionais. Como novo alcalde foi elixido José Francisco Romay, veciño da parroquia de Vilanova, avogado dos tribunais nacionais. Como segundo alcalde, Francisco de Mira Leis, capitán de nacionais do batallón do distrito de Malpica. Como procurador do común, Francisco Peña, de Cerqueda, xefe da Milicia Nacional. E como novos rexedores 4, 5 e 6 que correspondía renovar foron elixidos: Manuel Couto, de Mens; Antonio Blanco, de Cambre e Juan Antonio Rodríguez de Castro, de Buño.

De modo similar ao que sucedeu con Abelenda, Romay figura tamén en numerosas ocasións como elector para elixir as Cortes, tanto en leccións xerais como parciais²⁸ e, igualmente, figura entre os asinantes que felicitaron ao Goberno polo control exercido en marzo e maio de 1848 contra os progresistas que

27 AMM. LAAM. C-113. Sesión do 25-11-1841.

28 BOP, 30-07-1836, p. 1. BOP, 02-04-1840, p. 2. BOP, 22-10-1841, p. 4. BOP, 06-04-1842, p. 4. BOP, 27-02-1842, p. 3. BOP, 01-09-1842, p. 4. BOP, 01-01-1847, p. 3. BOP, 03-07-1848, p. 3. BOP, 26-11-1863, p. 2. BOP, 08-08-1865, p. 5. Tamén figura seu nome como secretario escrutador para elección parcial de 1 deputado polo distrito de Carballo, BOP, 09-02-1849, p. 2.

querían cambios no Goberno²⁹. Formou parte da Xunta Municipal de Sanidade durante o bienio 1864-1865³⁰.

As eleccións para a renovación parcial dos rexedores tiveron lugar o 11 de novembro de 1842, resultado elixido, por unanimidade dos nove electores, Pedro María Abelenda. Os novos rexedores, para ocupar os postos de 4º, 5º e 6º foron, respectivamente: Antonio Veiga, de Cerqueda; Manuel Rojo, de Leiloio, e Manuel Pampín, de Barizo. Como procurador xeral, Francisco Lema, de Vilanova³¹.

Pedro María Abelenda

Xaneiro 1843 - Decembro 1845

Abelenda volveu ocupar a Alcaldía pero agora, por primeira vez, a duración do cargo excede o ano manténdose durante tres anos seguidos.

O 1 de xaneiro de 1843 tomaron posesión os electos en novembro do ano anterior e, en presenza do alcalde saínte, fixeron xuramento *que han prestado con la mano derecha sobre los Santos Evangelios, de defender la Constitución política de esta Monarquía Española, trono de Isabel Segunda, libertades patrias y mirar en todo por el bien procomunal. Que así lo prometieron, añadiendo que, si lo contrario hiciesen, consienten no ser oídos ni obedecidos. Enseguida los hubo por posesionados en sus honrosos cargos en cuyo desempeño les ocuparon inmediatamente con toda asiduidad como requieren las urgentísimas órdenes comunicadas*³².

A mediados de 1843 tiveron lugar varios acontecementos a nivel nacional que condicionaron, modificando lixeiramente, o poder municipal. En xullo, o rexente Espartero, ante as dificultades para a continuidade do seu goberno,

29 BOP, 03-07-1848, p. 3.

30 BOP, 14-10-1863, p. 2. Actuou como fiador de Tomás Castro, de Carballo, para desempeñar la plaza de procurador. BOP; 15-11-1869, p. 3. En 1890 figura a viúva de José Francisco Romay Viros como propietaria dunha casa en Vilanova. BOP, 21-11-1890, p. 2.

31 AMM. Expediente de eleccións 1842. C-1087.

32 AMM. LAAM. C-113. Sesión do 01-01-1843.

abandonou a Rexencia e marchou a Inglaterra. En agosto, o ministerio de Joaquín María López propuxo adiantar a declaración de maioría de idade de Isabel II, proposta aprobada o 8 de setembro nunha sesión conxunta do Congreso e o Senado; dous días despois a raíña xurou a Constitución. Tras unha serie de gobernos de carácter moderado, o 3 de maio de 1843 accedeu ao poder o xeneral Narváez, data que se pode considerar como punto de partida dunha década de control efectivo do poder polos moderados.

O Real Decreto de 30 de decembro de 1843 ordenou publicar a *Ley de Organización y Atribuciones de los Ayuntamientos* de 14 de xullo de 1840, que incluía algunhas modificacións sobre a de 1835 e que ía acompañada por outro Decreto da mesma data dirixido aos xefes políticos dándolles instrucións para a aplicación da lei referidas á constitución inmediata dos concellos e á formación das listas electorais, fixando a celebración das eleccións para o 25 de febreiro de 1844, data na que tiveron que renovarse a totalidade dos concellos de España. Os cargos municipais seguían sendo gratuítos, honoríficos e obrigatorios; o alcalde e os tenentes de alcalde tiñan a duración dun ano, podendo ser reelixidos, e os rexedores eran renovados por metades. Todos os individuos do concello pasaban a ser elixidos por elección directa por todos os veciños maiores de 21 anos que pagasen as maiores contribucións ata o número de individuos que se establecese segundo o número de veciños do termo municipal, que no caso de Malpica era de 145 electores entre os de contribución directa. Como o número de veciños deste concello era de 911, aumentaba o número de membros: 1 alcalde primeiro, 1 alcalde segundo, 8 rexedores e 1 procurador síndico.

Cumprindo a lexislación, en marzo de 1844 celebráronse eleccións e renovouse o concello, sendo reelixido Pedro María Abelenda. Manuel Insua foi elixido como segundo alcalde, e como novos rexedores: José Villar, Carlos Blanco, Gregorio Regueiro, Manuel Ordóñez, Alonso Ferreiro, Juan Beiga, Pascual Bello e Manuel Castiñeiras; como síndico procurador xeral, José Rodríguez Ardeleiros. Todos eles, tras xurar a Constitución, tomaron posesión dos seus cargos³³.

33 Como non se conserva o expediente das eleccións de 1844 non sabemos se se produciron incidencias, aínda que debeu haber algunha relacionada coa inclusión de varios veciños nas listas ou censo de electores. No Boletín Oficial da Provincia figuran, meses máis tarde, os nomes de 52 electores despois de ser atendidas as súas reclamacións e deberon ser máis porque este Boletín soamente recolle a *Conclusión* destas listas. BOP. 05-09-1844, p. 1.



Portada do libro actas municipais de 1844.

A aprobación da nova Constitución de 1845 consolidou definitivamente o Estado constitucional en España configurando unha organización territorial centralizada e unha Administración funcional xerarquizada mantendo os criterios electorais censatarios. Nesta Constitución, os concelleiros ou rexedores eran elixidos polos veciños que tivesen a categoría de electores, pero os alcaldes eran considerados como delegados do Goberno, especialmente os das

ciudades, obxectivo sempre perseguido polos moderados. A Lei que regulaba os concellos, deputacións e gobernos políticos foi promulgada o 8 de xaneiro de 1845 e nela quedaba claramente establecido o criterio centralizador do Goberno. Nas capitais de provincia e cabezas de partido xudicial maiores de 2.000 veciños, o alcalde era nomeado polo monarca ou un membro do Goberno (xeralmente o ministro de Gobernación) e nos restantes pobos era nomeado polo xefe político (ou gobernador civil), que actuaba por delegación do monarca, consagrándose así o centralismo e a intervención permanente do Goberno nos concellos (eliminación da elección popular mesmo nos concellos de menor poboación).

O 8 de marzo de 1845 organizáronse as eleccións de acordo cos novos criterios da lei de xaneiro de 1845³⁴. Para confeccionar a lista de electores elixiron a dous rexedores (José Villar e José Rodríguez Ardeleiros) e dous electores entre os maiores contribuíntes (José Francisco Romay e Pedro Berdía) que, xunto co alcalde Abelenda, procederon á súa elaboración anotándose na acta correspondente os nomes dos 159 veciños electores en función da cota anual pagada por contribución³⁵: Buño, 11. Vilanova, 16. Leiloio, 28. Malpica, 37. Cambre, 11. Cerqueda, 28. Mens, 20. Barizo, 8. A estes electores engadíronse 9 máis por estar comprendidos nalgún dos supostos contemplados no artigo 18 da lei³⁶, alcanzando un total de 168 electores.

As eleccións celebráronse o 1 de novembro nos dous distritos electorais: un formado polas parroquias de Malpica, Vilanova, Mens e Barizo, que votaban na casa consistorial de Malpica, e o outro polas de Buño, Cambre, Leiloio e

34 AMM. Expediente de eleccións. 1845. C-1087.

35 A maior cota corresponde a Pedro Berdía, de Buño, con 380 reais vellón de contribución anual; a segunda ao alcalde Abelenda con 301, e a menor a varios veciños con 58.

36 Membros das Academias, doutores e licenciados, curas párrocos, avogados, médicos, arquitectos ...que ademais fosen maiores de 25 anos, veciños do pobo e estivesen incluídos na categoría de maiores contribuíntes. Por este artigo, adquiriron a condición de electores: Pedro Duro, párroco de Cerqueda. Domingo Antonio Rodríguez de los Reyes, párroco de Cambre. Silvestre Caamaño, párroco de Leiloio. Joaquín Figueira, ecónomo de Malpica. Antonio Martínez, avogado de Malpica. Pedro Rodríguez, oficial retirado e Axudante Militar de Mariña. Ramón Crespo, tenente do cura de Vilanova. Gregorio Francisco López, cura vicario de Mens. Alonso Varela, párroco de Barizo.

Cerqueda, situando o lugar de votación na casa parroquial desta última³⁷. A nova corporación, presidida por Juan Antonio de Soto, rexerá o concello durante os anos 1846 e 1847.



Portada do libro actas municipais de 1849.

37 AMM. LAAM. C-113. Sesión do 23-10-1845.

Juan Antonio de Soto

Xaneiro 1846 - Xaneiro 1848

Na primeira sesión de 1846 o alcalde saínte, Abelenda, tomou xuramento aos membros na nova corporación: o alcalde presidente, Juan Antonio de Soto; José Rodríguez Ardeleiros, primeiro tenente de alcalde; Antonio Blanco, segundo tenente, e os concelleiros: Francisco Garrido, Francisco Villar Laíño, Juan Antonio Veiga, Bernardo Varela Andrade, Manuel Ordóñez, Manuel Ameijenda, Manuel Pampín, José Benito Cotelo (estes dous últimos ausentes nese momento pero que xurarán en cuanto se incorporen)³⁸.

Soto continuou como alcalde ata xaneiro de 1848, cumprindo así o bienio para o que fora nomeado³⁹. Non volverá a ser alcalde, pero non se desvinculou do concello, participando como membro de corporacións en anos posteriores.

Pedro María Abelenda

Xaneiro 1848 - Agosto 1856

Non temos datos concretos do inicio da alcaldía de Abelenda en xaneiro de 1848 porque non hai libro de actas, pero cremos que foi así porque en decembro de 1847 remataba o bienio de Soto. Abelenda, alcalde por quinta vez, iniciou un longo período ininterrumpido ata agosto de 1856 concluíndo así a etapa de alternancia Abelenda-Soto.

A corporación municipal do **bienio 1848-1849**, polos datos que temos para 1849 e tendo en conta que a reelección e renovación era bianual, estaba formada polo alcalde Abelenda, Juan Antonio Veiga e Antonio Blanco como primeiro e segundo tenente de alcalde, e os concelleiros José Rodríguez Ardeleiros, Manuel Ameigenda, Francisco Villar Laíño, Manuel Pampín, Varela de Pazos,

38 AMM. LAAM. C-113. Sesión do 01-01-1846.

39 Deducimos este período porque o nomeamento era para o bienio, ademais de referencias indirectas (noticias nos Boletíns da Provincia) pero non hai libro de actas de 1847 para asegurar con plena garantía o dato.

Francisco Mira Leis e Bernardo Regueira, xunto co síndico procurador Juan Antonio de Soto.⁴⁰

En decembro de 1849 tocaba facer eleccións e renovar a metade dos concelleiros e o síndico procurador. A partir deste ano aumenta o número de concelleiros de modo que a corporación pasa a ter 12 membros. Saíron reelixidos o alcalde Pedro María Abelenda, Juan Antonio Veiga e Antonio Blanco como primeiro e segundo tenente de alcalde. Quedaron cesantes: Juan Antonio Soto, Manuel Pampín, Francisco Villar Laíño e Manuel Ameigenda e permaneceron: José Rodríguez Ardeleiros, Bernardo Regueira e Ramón Varela de Pazos. Como síndico: Francisco Mira Leis. Entraron como novos concelleiros: Antonio Lema, José Oza, José Varela Romero, Manuel Ordóñez e Francisco Berdía. Esta foi a corporación do **bienio 1850-1851**⁴¹.

En novembro de 1851 volveron a celebrarse eleccións para o **bienio 1852-1853**⁴². Saíron reelixidos o alcalde, Pedro María Abelenda, o tenente de alcalde, Juan Antonio Veiga, José Rodríguez Ardeleiros (que pasou a ser o segundo tenente de alcalde) e Francisco Mira como síndico. José Varela Romero, Francisco Antonio Lema, Manuel Ordóñez, José Oza e Francisco Berdía permaneceron como máis antigos e saíron elixidos como novos rexedores: Francisco Garrido, Antonio Blanco e José Villar Puñal.

En decembro de 1853 renovouse a corporación para o seguinte **bienio de 1854-1855**. Abelenda continuou como alcalde presidente; José Rodríguez Ardeleiros e Juan Antonio Veiga como 1º e 2º tenentes de alcalde; mantivéronse nos seus cargos Antonio Blanco, Francisco Garrido, José Villar Puñal e Francisco Mira e foron elixidos como novos: Juan Antonio Soto, Francisco Antonio Lema, José Oza Romero e José Varela Romero⁴³.

40 AMM. LAAM. C-113. Datos obtidos de varias actas de 1849.

41 AMM. LAAM. C-114. Sesión do 01-01-1850.

42 Referencia a estas eleccións na acta de 20-11-1851. AMM. LAAM. C-114.

43 AMM. LAAM. C-114. Nomeamentos do gobernador civil do 10-12-1853 incluídos no inicio do Libro de actas de 1854. Con data do 20-12-1853 o gobernador nomeou os alcaldes pedáneos: Juan Cendeiro (Malpica), Domingo Antonio Rodríguez (Vilanova), Alonso Ferreiro (Barizo), Francisco Cendeiro (Mens), José Mandía (Cerqueda), José Varela Abelenda (Cambre), Juan Rojo (Leiloio) e Francisco Gómez González (Buño).

O 27 de abril de 1854 recibiu o concello un oficio do gobernador datado o 15 dese mes no que lles indica que debían proceder á «elección parcial de cinco concejales que faltan al completo de los catorce que debe tener el Ayuntamiento según la ley mediante la renuncia que hizo y se estimó del que lo era Juan Antonio Soto y que aquella tenga lugar los días 28, 29 y 30 de este mismo mes». A este oficio responden que *siendo once los que comprende la acta de nombramiento, a pesar de la renuncia del concejal D. Juan Antonio Soto, se cuenta aun el número de diez, que a juicio de la Corporación cubren suficientemente las dos terceras partes que establece la ley*⁴⁴.

En xuño de 1854 iniciouse a revolución que, tras o éxito de xullo, deu comezo ao Bienio Progresista. Desde o concello celebraron o acontecemento e felicitaron aos xenerais Domingo Dulce e Leopoldo O'Donnell que proclamaron *las libertades y la fiel observancia de la Constitución escarnecida, hollada y menospreciada por los hombres que en la actualidad tienen las riendas del gobierno de la Nación. [...] ¡Llor a los ínclitos Dulce, O'Donnell y compatriotas! ¡Viva la Reyna D^a Isabe II! ¡Viva el ilustre duque de la Victoria D. Baldomero Espartero a quien según manifiestan los indicados periódicos llama S. M. para salvar la nave de esta magnánima Nación!*⁴⁵. Efectivamente, Espartero formou o Goberno que iniciou o Bienio.

En outubro de 1854 celebráronse eleccións en aplicación da R.O. de 6 de setembro que establecía a obriga de renovar por completo as corporacións municipais. Estas eleccións non deberon ser de todo correctas a xulgar pola protesta formulada polo elector parroquial Antonio Sanz Lama nun escrito enviado ao alcalde datado en Malpica o 6 de outubro polo que considera irregularidades nas eleccións.

En Cerqueda no hubo legalidad ni libertad en votar, pues viendo los señores de la mesa que juzgaban tres candidatos dispuso que sin que la votación siguiese sus trámites sortear los tres candidatos y tocó a D. Manuel Iglesias. Esta no fue votación nominal, antes bien fue escándalo público. En Buño el alguacil

44 AMM. LAAM. C-114. Sesión do 27-04-1854.

45 AMM. LAAM. C-114. Sesión do 20-07-1854.


Juan Añón dio seis votos en nombre de otros sujetos que no concurrieron al acto de la votación. En Barizo, sin que procediese nombramiento formal para la mesa, en alta voz nombró el cura de la parroquia para elector a D. Manuel Ordóñez a quien la parroquia no quiso aceptar; segunda vez convocados frente a la casa del Sr. Cura procedieron a la votación nominal de la que resultó en igualdad de votos el Sr. Rodríguez y el Sr. Martelo; se procedió a la suerte por mandato del presidente de la mesa, diciendo que el que le tocase la suerte sería el elector y tocó al Sr. Martelo, y en lugar de venir el otro se presentó el Sr. Rodríguez sin haberle tocado. Según un artículo de la Constitución del año 12 que rige la presente elección de Ayuntamientos no pueden ser reelegidos ninguno del Ayuntamiento presente sin haber pasado dos años, siendo que algunos de los presentes lo están ejerciendo por más de 6 años sin descanso, habiendo en este distrito gente honrada que puede desempeñar dichos cargos. Dejo emitidas las razones poderosas para que se declare nula la elección parroquial y de no declararse pido testimonio de esta protesta para elevar mi voz a la Excma. Diputación Provincial o caballero Gobernador Civil de la provincia, que en caso que se me niegue como elector parroquial me quedo con copia de este escrito con igual objeto⁴⁶.

A protesta non foi admitida e as eleccións foron dadas por válidas. Como resultado delas, Pedro María Abelenda⁴⁷ foi reelixido alcalde presidente; Juan Antonio Veiga, alcalde segundo; Francisco Mira Leis, síndico e como concelleiros: Francisco Garrido, José Villar Puñal, José Oza Romero, Francisco Antonio Lema, Pedro Novo e Manuel Ordóñez. A nova corporación tomou posesión dos seus cargos o 2 de outubro de 1854 *formada por nueve individuos, únicos que según la ley restablecida, vigente, de tres de febrero de mil ochocientos veinte y tres corresponden a esta villa y distrito por su población⁴⁸.*

46 AMM. Expediente de eleccións. 1854. C-1087.

47 Pedro María Abelenda figura nunha listaxe de persoas de Malpica «Por no pagar la cota contribución con arreglo al artículo 14 de la ley». BOP, 08-02-1854, p. 5.

48 AMM. LAAM. C-114. Sesión do 02-10-1854.



Libro de actas e composición da corporación municipal de Malpica de 1855.

Na portada do libro de actas de 1856 figuran os nomes das persoas da corporación, as mesmas que a formaban a finais do ano anterior, ademais de constar os novos nomeamentos e xuíces de paz⁴⁹, pero nun novo libro que comeza en

49 «Constituidos ante el Ayuntamiento D. Antonio María Berdía, D. José Couto, D. Manuel Ordóñez y D. Antonio Cotelo, vecinos de este distrito, exhibieron las credenciales expedidas por el Ilmo. Sr. Regente de la Audiencia territorial de La Coruña con fecha diez y nueve de diciembre inmediato, en que resultan nombrados, por el orden jueces de

agosto hai cambios significativos comunicados ao alcalde polo gobernador civil, Pedro Carvajal, con data do 3 de agosto de 1856.

Usando de las facultades extraordinarias que me están conferidas, he resuelto relevar a D. Pedro María Abelenda y a D. Juan Antonio Veiga de los cargos de alcalde 1º y 2º de ese distrito que respectivamente desempeñan nombrando en su reemplazo para alcalde 1º D. José Rodríguez Ardeleiro y para 2º a D. Ramón Calvo Varela.

José Rodríguez Ardeleiros

Do 3 ao 16 de agosto de 1856

Aínda que non se especifican as razóns, estes cambios deben estar relacionados tanto con problemas internos do propio concello (desde varios meses atrás Abelenda non asiste ás sesións municipais e nas inmediatamente anteriores son moi poucos os concelleiros presentes) como da política nacional. En xullo de 1856 foi en aumento a conflictividade social en moitos puntos de España o que, unido ás diferenzas entre os membros do Goberno, levou á raíña a nomear a O' Donnell como novo xefe de Goberno admitindo a dimisión de Espartero, dando así fin ao Bienio Progresista. A Constitución, elaborada polas Cortes nese ano, non foi aprobada restablecéndose a de 1845 e con ela a lexislación municipal conservadora⁵⁰.

O 8 de agosto, en sesión presidida por Francisco Garrido, primeiro concelleiro e presidente da sesión por ausencia de Abelenda e Veiga, xuraron sobre o libro dos evanxelos José Rodríguez Ardeleiros e Ramón Calvo Varela «electos para aqueles cargos respectivamente» segundo ordenada o gobernador.

paz primero, segundo y suplente correlativamente seún van estampados sus nombres». AMM. LAAM. C-114. Sesión do 01-01-1856.

50 O 7 de febreiro de 1855 as Cortes aprobaron unha lei que establecía a lección de alcaldes e concelleiros por votación dos veciños incrementando o número de electores a todos aqueles que pagasen contribución directa para gastos xerais, provinciais e municipais. Pero coa fin do Bienio quedou sen efecto.

Pouco durou no cargo de alcalde Ardeleiros pois o mesmo gobernador Carvajal, en escrito do 16 de agosto, comunicaba o seguinte:

Usando de las facultades extraordinarias que me están conferidas, he resuelto separar a D. José Rodríguez Ardeleiros, D. Ramón Calvo Varela y D. Ramón Villar de los cargos de alcalde 1º, alcalde 2º y secretario del Ayuntamiento de ese distrito, nombrando en su reemplazo para alcalde 1º a D. Antonio Berdía, para 2º a D. Francisco Antonio Lema y para secretario a D. José María García.



Libro de actas e composición da corporación municipal de Malpica de 1856.

Antonio María Berdía

16 de agosto - 15 novembro de 1856

O 19 de agosto xuraron e tomaron posesión os novos cargos municipais Antonio María Berdía⁵¹, veciño de Buño, e Francisco Antonio Lema, de Malpica, en sesión presidida por José Rodríguez Ardeleiros. Ao día seguinte, en sesión presidida por Berdía, tomou posesión o secretario José María García, veciño de Carballo. O 28, presentes os alcaldes 1º e 2º e os concelleiros Mira, Ordóñez, Novo e Garrido, reciben a comunicación oficial de que quedaban suspendidas as previstas eleccións municipais que tiñan que celebrarse o 1 e o 2 de setembro.

Igual que o seu antecesor, tamén foi breve o mandato de Antonio María Berdía porque unha nova decisión do gobernador volvía a modificar a composición da corporación municipal e Ardeleiros recuperaba a Alcaldía.

José Rodríguez Ardeleiros

15 de novembro - 12 de marzo de 1857

Un novo oficio do gobernador civil, José María Michelena, de 15 de novembro devolvía a Alcaldía a Rodríguez Ardeleiros e nomeaba ao conxunto da nova corporación municipal.

Restablecida la ley de 8 de enero de 1845, y siendo necesario reformar los Ayuntamientos con sujeción a la escala establecida en su artículo 3, resuelvo, en uso de las facultades que me confieren las reglas 5ª y 6ª de la Real Orden circular de 13 del corriente, cesando desde luego en sus respectivos cargos los sujetos cuyos nombres no figuran entre los que aparecen estampados en el margen de esta comunicación que son los designados por mí para componer este Ayuntamiento.

51 En 1874 figura entre os maiores contribuíntes, e por iso con dereito a ser elector en eleccións a Cortes, cunha cota territorial de 83 pesetas.

[Na marxe do escrito] Alcalde: José Rodríguez Ardeleiros. 1º Teniente: Ramón Calvo Varela. 2º Teniente: Ramón Varela y Limia, Antonio Berdía, Francisco Antonio de Lema, Pedro María Abelenda, Juan Antonio Veiga, Francisco Garrido, José Villar Puñal, José Oza Romero, Francisco Antonio Lema, Pedro Novo, Manuel Ordóñez, Francisco Mera Leis⁵².

O 3 de decembro xuraron os cargos parte dos novos membros do concello, pois faltaban Francisco Antonio Lema, Pedro María Abelenda, Juan Antonio Veiga e Antonio María Berdía, alegando este último enfermidade. Os ausentes o día 3 xuraron os cargos o día 12 e, logo de facelo, o secretario rexistra na acta:

En este estado, los mismos señores D. Antonio María Berdía y D. Francisco Antonio Lema manifiestan y piden conste en la presente acta que renuncian ambos del cargo en que acaban de ser posesionados fundándose en que una vez no se les ha considerado hábiles para ejercer los cargos de primero y segundo alcalde en que ahora de próximo acaban de cesar, tampoco deben serlo para los de regidores nuevamente electos, y que sin perjuicio de que así se eleve a la superioridad protestan usar de los recursos que les convengan.

A protesta non debeu ter consecuencias porque seguen asistindo ás seguintes sesións da corporación municipal, pero si que conseguen, pouco despois, recuperar os seus postos de alcaldes⁵³.

52 Estes nomeamentos figuran tamén publicados no BOP, 26-11-1856, p. 2.

53 En febreiro de 1857 consta que o gobernador cesa como delegado dos camiños do distrito a Juan Antonio de Soto e nomea no seu lugar a Antonio María Berdía. AMM. LAAM. C-114. Sesión do 17-02-1857. BOP, 23-05-1857, p. 3.

Antonio María Berdía

12 de marzo de 1857 - 31 de decembro de 1862

Na sesión do 12 de marzo de 1857, presidida por Rodríguez Ardeleiros, dan conta dun oficio do 27 de febreiro no que o gobernador

Comunica haber nombrado por alcalde de este Ayuntamiento a D. Antonio Berdía, primer teniente a D. Francisco Antonio Lema; segundo a D. Antonio Sanz; y por regidores a D. Pedro Abelenda, D. José Rodríguez Ardeleiros, D. Francisco Berdía Rodríguez, D. Francisco Villar Laiño, D. Ramón Varela Limia, D. Juan Antonio Veiga, D. Ramón Sande, D. Francisco Garrido, D. José Villar Puñal, D. Manuel Ordóñez y D. Manuel Pampín.

Tras a lectura do comunicado, o alcalde saínte tomou xuramento a todos os novos membros presentes e lles deu posesión dos seus cargos. Berdía permanecerá no cargo durante os próximos cinco anos. Con el se inicia unha etapa de estabilidade que continuará Abelenda. Foron os dous alcaldes que máis anos desempeñaron o cargo, os dous veciños de Buño e con moitas características comúns⁵⁴. Abelenda tivo que cesar como rexedor porque o cargo era incompatible co de ser depositario dos fondos municipais e provinciais, así como das contribucións.

En xullo de 1858 a normativa estableceu un novo sistema para asignar os cargos e a renovación dos mesmos.

Reunidos en sesión ordinaria los señores que componen este Ayuntamiento y suscriben, acordó proceder al sorteo de los individuos de su seno que en los años próximos deben o no pertenecer al mismo conforme a lo prevenido en las leyes vigentes de Municipalidades [...]. Se formaron trece papeletas, comprensivas de los nombres de los señores concejales, incluso

54 Igual que Abelenda, Antonio María Berdía figuraba como elector para as eleccións a Cortes, de modo que formaba parte do grupo de maiores contribuíntes. BOP, 29-09-1854, p. 5. BOP, 10-06-1858, p. 2. BOP, 29-09-1865, p. 1. Foi nomeado xuíz de paz en outubro de 1855.

los alcaldes y sus dos tenientes que en ellas se escribieron, y con una del primer regidor nombrado para este Ayuntamiento D. Pedro María Abelenda, cesante por incompatibilidad [...] hacen los catorce, total del número que debió componer este Ayuntamiento. Se embolaron las trece en igual número de bolas en las cuales se asentaron los nombres de cada uno que en ellas se escribieron. Encontradas que han sido y sacadas que fueron por el señor presidente dieron el resultado siguiente. Palabra de fuera: D. Francisco Antonio Lema, primer teniente de alcalde. D. Manuel Ordóñez, undécimo regidor. D. Francisco Villar Laíño, sétimo regidor y síndico procurador. D. Francisco Garrido, duodécimo regidor. D. José Rodríguez Ardeleiros, segundo regidor. D. Antonio Sanz Lama, segundo teniente de alcalde, a los cuales incluso el señor Abelenda les tocó la suerte de quedar fuera o lo que es lo mismo de no pertenecer a la Corporación los dos próximos años como individuos natos, quedando por consiguiente dentro los señores: alcalde presidente D. Antonio María Berdía, D. José Villar Puñal, D. Juan Antonio Veiga, D. Francisco Berdía Rodríguez, D. Ramón Varela Limia, D. Ramón Sande y D. Manuel Pampín [...] debiendo, por lo tanto llegado el caso, procederse a la elección de nueve concejales que constituirán el número de diez y seis y son los que corresponden al distrito por su población⁵⁵.

Como tivo sorte Berdía e quedou dentro, o 15 de decembro de 1858 foi nomeado alcalde polo gobernador, continuando así no cargo durante o ano 1859 e 1860. En maio de 1860 xurdiu un forte enfrontamento con Pedro María Abelenda como depositario dos fondos municipais; se lle esixen comprobantes, entregas de partidas e xustificacións que non entrega, de modo que se lle obriga a comparecer para dar explicacións, pero non acude á chamada. Cando xa daban por rematada a sesión sen que se presentase Abelenda, sucedeu o que recolle a acta do 31 de maio.

55 AMM. LAAM. C-114. Sesión do 29-07-1858.

En el momento en que los señores del Ayuntamiento que subscriben descendían de la Sala Capitular en compañía de su secretario, se presentó D. Pedro María Abelenda y sin mediar otra razón, a voz en grito, llamó falsarios a todos los que habían intervenido el acta precedente. El indicado secretario le hizo conocer debía retirar la expresión y saliéndose al umbral de la puerta reiteró en público la indicada expresión; y habiéndole el mismo secretario persuadido del deber en que estaba una vez acababa de llegar de presentarse con otros modos ante una Corporación, se retiró fulminando denuestos e imprecaciones y vueltos por lo mismo a constituirse en nueva sesión, los mismos señores aquí asistentes acuerdan consignarlo. Y toda vez que D. Pedro María Abelenda ha inferido calumnias e injurias a toda una Corporación, lo cual constituye delito de los que dan lugar a procedimientos de oficio, facultan, y el Sr. Presidente se reserva la iniciación acto continuo del oportuno procedimiento⁵⁶.

Os problemas relacionados coas finanzas sempre estiveron presentes en todas as corporacións e as relacións cos depositarios afloran en numerosas ocasións. Abelenda será requirido de novo para dar conta da recadación do primeiro trimestre de 1857, que aínda estaba pendente de ser aprobada⁵⁷.

En outubro de 1860 houbo que renovar os concelleiros. Aínda que a normativa establecía o número de 16 membros, para o próximo bienio soamente serán 14, de modo que a renovación soamente será de 7, tendo en conta o tempo que leva cada un dos membros. Os sorteos celebrados o día 11 non foron admitidos polo gobernador, que obrigou a repetilos⁵⁸, quedando configurada a corporación municipal para o **bienio 1861-1862** por: Antonio María Berdía, alcalde; José Mandía e Ramón Sande, tenentes de alcalde 1º e 2º; Narciso Abelenda, Francisco Lema, Francisco Berdía Rodríguez, Juan Antonio Veiga, Francisco Cotelo, Antonio Sanz Lama, Francisco Gar-

56 AMM. LAAM. C-115. Sesión do 31-05-1860.

57 AMM. LAAM. C-115. Sesión do 20-10-1860.

58 AMM. LAAM. C-115. Sesións do 11 e 22-10-1860.

rido, José Riobó, Francisco Varela, Francisco Cerdeiro e José Rodríguez Ardeleiros, concelleiros⁵⁹.

A renovación parcial tivo lugar o 4 de novembro de 1862 e a final de ano rematou o período do alcalde Antonio María Berdía.

Francisco Berdía Rodríguez

1 de xaneiro de 1863 - 25 de marzo de 1865

De novo ocupa a Alcaldía de Malpica un veciño de Buño para o bienio **bienio 1863-1864**. Xunto co alcalde Francisco Berdía Rodríguez⁶⁰ formaron a corporación municipal como 1º tenente de alcalde, Juan Antonio Veiga; 2º tenente, José Mandía Pose; concelleiros: Antonio María Berdía, Francisco Lema, Francisco Cotelo, Ramón Sande, José Vidal, Juan Cerdeiro, Francisco Pose Blanco, Antonio Varela Pazos, Pedro Blanco, Francisco Cerdeiro, Francisco Varela Gil, Manuel Rodríguez Garrido. Narciso Abelenda, que debía completar os 16 membros establecidos, como non chegou a xurar o cargo na anterior corporación, o gobernador declarouno sen a aptitude legal necesaria⁶¹.

A finais de decembro de 1864 houbo novas eleccións que, unha vez máis, non foron dadas por válidas polo gobernador civil. A pesar diso e da suspensión decretada polo gobernador, o alcalde seguiu actuando como tal durante uns meses, pero a ausencia de concelleiros era cada vez máis elevada, con sesións que non se podían celebrar por falta de quórum.

59 AMM. LAAM. C-115. Libro de actas de 1861. Comunicado do gobernador incluído nese libro que ten data do 22-10-1860.

60 Este novo alcalde figura tamén entre os maiores contribuíntes figurando como elector e interventor en varias das eleccións a Cortes. BOP, 2-11-1858, p. 3. BOP, 27-11-1863, p. 4. BOP, 13-02-1864, p. 3. BOP, 25-11-1864, p. 2. BOP, 29-09-1865, p. 1. BOP, 25-02-1861, p. 4, así como nas eleccións de 1866, 1867, 1874 e 1884.

61 AMM. LAAM. C-115. Libro de actas de 1863. Comunicado do gobernador incluído nese libro que ten data do 28-12-1862.

En la villa de Malpica [...] constituidos en sesión ordinaria de hoy el Sr. Presidente y señores que suscriben, sin que lo hubieran efectuado los demás, no obstante habérseles citado con designación de hora, el Sr. Presidente puso de manifiesto, y yo, el infraescrito vocal secretario hice lectura íntegra y literal de un oficio del Sr. Gobernador de la Provincia fecha veintiuno de enero actual que literalmente dice:

«Examinadas las actas de elecciones municipales que han tenido lugar durante los días 28, 29 y 30 de diciembre último, y resultando del expediente un vicio radical que afecta a su validez, he acordado, de conformidad con el Consejo provincial, anular dicha elección designando para la nueva que debe verificarse los días seis, siete y ocho de febrero próximo. Y teniendo en cuenta además la abusiva conducta de V. y del teniente de alcalde D. Juan Antonio Veiga, siendo así que el primer deber de toda autoridad es la estricta observancia de la ley, sin que haya servido a Vds. de correctivo el procedimiento criminal a que se les sometió, he acordado suspenderles y que se encarguen de la Alcaldía y Tenencia los regidores a quienes por su orden corresponda, de todo lo cual doy cuenta al Gobierno de S. M».

En vista pues de la preinserta comunicación, dicho señor presidente se declara desde luego suspenso de su encargo que transfiere en el segundo teniente, presencial, D. José Mandía a quien por aquella razón compete y semejante supuesto este señor acepta, como no puede menos, la determinación del Sr. Gobernador que acata y respeta debidamente. Y que mediante no se hallan presentes los regidores primero y segundo, como tampoco el primer teniente de alcalde, con el fin de imputarles sus respectivos cargos, el referido Sr. Alcalde entrante protesta hacerles concurrir al objeto demostrado⁶².

62 AMM. LAAM. C-115. Libro de actas de 1865. Sesión do 25-01-1865.

Pedro María Abelenda

1 de marzo de 1865 [novembro 1868 - abril 1869] - 16 de xuño de 1884

Superadas as dificultades de finais da anterior corporación, de novo pasa a ocupar a Alcaldía este veterano político que se manterá nela durante case 20 anos. Foi un período de fondas transformacións políticas en España que non parece que afectasen a Abelenda para manterse na Alcaldía de Malpica.

Con data do 25 de febreiro, o gobernador comunicaba ao alcalde os nomes das persoas que debían formar a nova corporación municipal para o **bienio 1865-1866**, unha vez aceptados os resultados das novas eleccións: alcalde, Pedro María Abelenda; 1º tenente alcalde, Antonio Sanz Lama; 2º tenente, Ramón Sande Laíño e os concelleiros: Manuel Ordóñez, José Couto Pérez, Francisco Facal, José Bello Pombo, Juan Rojo Lema, José Mandía Pose, Pedro Blanco Novo, Juan Cordeiro Pose, Francisco Varela Gil, José Vidal, Francisco Cordeiro Pose, Manuel Rodríguez Garrido e Francisco Pose Blanco. O 1 de marzo comezou a funcionar o novo equipo municipal.

En decembro de 1866, o gobernador nomea para o **bienio 1867-1868** os seguintes 16 membros da Corporación: alcalde, Pedro María Abelenda; 1º tenente de alcalde, Antonio Sanz Lama; 2º, Manuel Ordóñez Mato; e como concelleiros, algúns que permeneceen e outros que entran de novo: Ramón Rama Gómez, José Vidal Villar, José Couto Pérez, José Ordóñez Mato, Ramón Sande Laíño, Manuel Suárez Romero, Francisco Mira Leis, José Mandía Pose, Francisco Berdía Amarelle, Francisco Anido Aldao, Bernardo Baston Abelenda, José Bello Pombo e Pedro Álvarez Lozano.

A profunda crise económica e o Goberno cada vez máis reaccionario precipitaron os acontecementos iniciándose, o 18 de setembro de 1868, a revolución que destronou á raíña Isabel II e deu paso ao período do Sexenio Democrático. Inicialmente asumiu o poder un Goberno provisional presidido polo xeneral Francisco Serrano. Unha consecuencia inmediata foi o establecemento do sufraxio universal masculino para as eleccións dos concellos,

das deputacións provinciais e de deputados a Cortes polo decreto do 9 de novembro de 1868.

Entre novembro de 1868 e abril de **1869** non contamos con datos suficientes para coñecer que sucedeu exactamente porque, segundo as actas, neses meses figuran varios alcaldes sen que teñamos noticias da celebración de eleccións nin de nomeamentos directos por parte da autoridade gobernativa. A sesión celebrada o 4 de novembro de 1868, a derradeira que consta dese ano, está presidida por Pedro María Abelenda. Pero o 18 de decembro de 1868, nunha sesión extraordinaria para a formación da xunta preparatoria para a elección de novos concellos segundo a nova normativa, figura como alcalde presidente **Narciso Abelenda Rodríguez**. Baixo a súa presidencia foi elixido o presidente da mesa electoral e os catro secretarios escrutadores que estaban acompañados dos dous veciños de maior idade e outros dous de menor idade entre os presentes. Os electores foron depositando na urna as papeletas cos nomes dos candidatos e, como o acto se prolongaba, tomaron unha decisión que provocou reaccións.

Como el salón de la casa consistorial es muy reducido, en tanto grado que en él no cabían ni la octava parte de los electores concurrentes y habiéndose estos aglomerado todos a la vez, fue tanta la afluencia y el desorden ocasionado que el Sr. Presidente, de acuerdo con la mesa y a petición de todos los concurrentes, por no asfixiarse y la ruina del piso del colegio, tuvieron que salir a la calle y continuaron dicha votación, prolongándola hasta las tres y media [...] indicación de dicho presidente que mereció la aceptación de todos a consecuencia del tiempo que transcurrió desde la bajada del local a la calle y colocación de la mesa en cuya hora el referido Presidente, a consecuencia de los silbidos y voces descompasadas de ciertos reaccionarios que se hallaban al frente de la mesa, y otros desmanes que se estaban cometiendo y aproximándose la noche, temeroso de una brusca acometida por parte de aquellos, de acuerdo con los secretarios, manifestó en alta voz que iba a proceder al escrutinio, el cual después de leer la lista de los que habían emitido el sufragio, dio el resultado siguiente:

Para presidentes: D. Narciso Abelenda: 179 votos. Pedro María Abelenda: 74 votos. Para secretarios: José María Delgado: 90. Gregorio Iglesias: 90. Antonio Varela Pazos: 89. Francisco Castiñeira: 89. Joaquín Romay: 74. Ramón García Soto: 74⁶³.

Na primeira acta de 1869, a do 1 de febreiro, figura como novo alcalde **Francisco Cotelo** e están anotados na marxe os nomes dos membros presentes na sesión: 1º tenente, Francisco Facal de los Reyes; 2º tenente, Juan Cordeiro. Concelleiros: Andrés Martelo, Pedro Blanco, Francisco Cordeiro, Francisco Varela, Antonio Martínez, Manuel Rodríguez, Rafael Veiga, Francisco Pose.

Na seguinte acta, a do 12 de abril de 1869, xa volvemos a ver como alcalde a **Pedro María Abelenda**, pero cunha corporación diferente formada por: Ramón Sande, Juan Antonio Veiga, Simón Varela, José Vidal, José Couto Pérez, Joaquín Romay, Francisco Cotelo, Manuel Ordóñez, José Mandía, Ramón Rama, Manuel Hermida e Francisco Mira, que tamén é o síndico. Este ano tamén debeu ser moi irregular porque unicamente consta a celebración doutra sesión, a do 14 de xuño.

Non sabemos se a aprobación, polas Cortes constituíntes, da nova Constitución o 1 de xuño de 1869 alterou a vida e traballo do concello de Malpica, porque non temos máis datos do sucedido. Pero todo parece indicar que, tras a paréntese nos meses inmediatamente posteriores á revolución de setembro de 1868, todo volveu a funcionar con regularidade. Os anos de **1870** e **1871** continúan tendo como alcalde popular a Pedro María Abelenda, a Ramón Sande Laíño como alcalde 2º e como concelleiros a: Juan Antonio Veiga, Francisco Cotelo Veiga, Simón Varela Lema, Manuel Ordóñez, Ramón Rama, José Mandía Pose, Francisco Mira Leis, Francisco Anido Aldao, José Vidal Villar, Joaquín Romay Rodríguez, José Couto Pérez e Manuel Hermida Rodríguez.

63 Narciso Abelenda e os catro secretarios formarían a mesa electoral, pero non temos máis noticias sobre a elección da corporación municipal. AMM. Expediente de eleccións. 1868. C-1087.

En agosto de 1870 foi aprobada a Lei Municipal que supuxo importantes reformas no réxime local español. Volvíase ao principio de elección popular de todos os cargos municipais polos veciños con dereito electoral. Os concellos asumían moitas competencias: urbanismo, limpeza, salubridade, augas, feiras e mercados, beneficencia, sanidade, educación, obras públicas, vixilancia, policía rural e urbana, recadación de impostos... aínda que permanecían moitas decisións e aprobacións en mans dos gobernadores provinciais.

A Constitución de 1869 establecía que España era unha monarquía, pero quedaban excluídos os Borbóns, polo que había que buscar un novo monarca. O 16 de novembro de 1870, as Cortes elixiron a Amadeo de Savoia que iniciou o seu reinado en xaneiro de 1871. Nas actas municipais non se fai ningunha alusión á nova situación.

En febreiro de **1872** celebráronse novas eleccións, neste caso con protestas dun grupo de electores ante o que consideran incumprimento de varios artigos da lei municipal, especialmente no que respecta á formación da mesa, polo que solicitaban a súa anulación nun escrito asinado o 16-02-1872 por máis de trinta veciños⁶⁴.

Primero. Por haberse faltado a lo que previene el art. 50 de la ley electoral vigente anticipando la hora en que según el citado artículo debía abrirse el colegio electoral al público habiéndose hecho más de media hora antes de las nueve de la mañana, momento en que casi nadie había concurrido a la puerta del local, más que unos cuantos electores apasionados del alcalde traídos por él mismo para constituir la mesa interina a su satisfacción y gusto.

Segundo. Por haberse infringido del mismo modo el artículo 53 de la mencionada ley electoral, dejando de nombrar como

64 Entre os asinantes da protesta estaban Joaquín Romay Rodríguez, Juan Bautista Insua, Francisco Facal de los Reyes, José Martelo Doval e Francisco Berdía Rodríguez. AMM. Expediente de eleccións. 1872. C-1087.

señores escrutadores de la mesa interina, a ninguno de los más jóvenes, ni de los más viejos, de los electores que se hallaban presentes, siendo de los primeros entre otros [nomes] y de los segundos o más viejos [nomes] vecinos de esta villa nombrando el alcalde presidente como tales a D. Domingo Rodríguez López, D. Francisco Abelenda Conde, su hijo, D. Cleto Varela Cousillas y D. José Berdes, traídos ya de intento por dicho alcalde antes de la hora que marca la ley, los cuales no son ni de los más viejos ni de los más jóvenes entre los que saben leer y escribir de los que se hallaban presentes.

Tercero. Por habérsele negado en la secretaría del Ayuntamiento a los exponentes, por el alcalde 1º y secretario del mismo la exhibición del censo electoral, diciendo que no lo tenían, presentando tan solamente la lista que tenía la mesa en su poder, faltando de esta manera al artículo 20 de la ley electoral y ocultando a los que dicen el documento más fehaciente de que podían echar mano para resolver las reclamaciones citadas sobre las edades que llevan mencionadas respecto de los cuatro secretarios de la mesa interina, y despidiéndoles con amenazas dirigidas a los que les acompañaban, de dicha secretaría el mismo alcalde que estaba presidiendo la elección y algunos de los secretarios por lo cual los que dicen se retiraron y resolvieron protestar desde luego como lo hacen en este momento.

Cuarto. Por haberse infringido al artículo 31 de la citada ley negando la entrega de sus respectivas cédulas sin perjuicio de hallarse en la lista de votantes a D. José Romay Cancela, D. Francisco Castiñeira y D. José Lois, todos vecinos de San Esteban de Buño.

Quinto. Por haberse faltado abiertamente a lo ordenado en el artículo 37 de la ley, no habiendo previsto y publicado en la parte exterior del colegio, los dos días antes de comenzar la elección, la lista certificada de todos los electores que debían tomar parte en ella, por dicho único colegio arriba nombrado, siendo aún hoy el día primero de la elección en que tampoco se ha visto, no siendo

dentro del mismo local, a cuyo sitio no puede ir a verla sino el que de hecho sea elector, habiéndoseles privado de tal derecho de verla expulsándoles del local a varios sujetos no electores que firman la presente protesta como testigos.

Ao día seguinte, con argumentos similares, entregan un novo escrito engadindo a protesta contra un notario adicto ao alcalde.

Los exponentes que encabezan, para justificar tan grave falta, hallándose en esta villa el 17, primero de votación para concejales, el notario D. Manuel Marco y Gil, único que hay en este distrito, le requirieron formalmente por testigos les facilitase testimonio del documento mal llamado libro de censo que se hallaba en la secretaría del Ayuntamiento, a lo que el notario Marco no quiso acceder, tal vez por ser adicto a la candidatura del alcalde D. Pedro María Abelenda, por más que al citado notario deba constarle la mencionada falta por documentos que deberán obrar en su poder.

Ante a nula repercusión da queixa, con data do 19 de febreiro volven a manifestar as súas queixas porque cren que hai motivos suficientes para pensar que as eleccións estarán amañadas en favor do alcalde Abelenda.

¿Qué significa sino la falta de respeto a la ley el traer de intento los individuos que habían de constituir la mesa interina de casa del secretario municipal de este distrito D. José María Racedo, con el objeto de amañar la elección a su gusto, dejando de nombrar a los más ancianos y a los más jóvenes, anticipando la hora en que debía abrirse el colegio a tal efecto? Significa que el Sr. D. Pedro María Abelenda, alcalde perpetuo de este pueblo contra la voluntad de la mayoría de sus habitantes, pretende perpetuarse en el cargo sin miramientos de ningún género y sin respecto a la ley, al derecho del sufragio, ni a su misma dignidad, que le aleja de la presidencia de las elecciones para evitar siquiera el dicho de que estas son cohibidas. Efectivamente, nosotros protestamos contra

la falta de imparcialidad debida tanto en el presidente como en los secuaces de sus proyectos.

As protestas continuaron incluso despois de celebradas as eleccións. O 6 de marzo o elector Joaquín Romay Rodríguez volvía a insistir nos argumentos dos anteriores escritos esixindo a nulidade da elección.

Os problemas da limpeza dos procesos electorais en España durante o século XIX e boa parte do XX foron moi frecuentes aplicándose multitude de mecanismos para evitar que gañasen os contrarios (coaccións, alteracións das listas de electores, dar nomes diferentes aos que figuraban nas papeletas por parte dos escrutadores, pechar o colexio electoral antes da hora establecida...), prácticas coñecidas co xenérico de *pucherazo*.

Non temos os datos das anteriores eleccións, pero en **1873** e **1874** a corporación continuou presidida por Pedro María Abelenda e formada por Ramón Rama Gómez, Francisco Cotelo Veiga, Juan Antonio Veiga Carrillo, Manuel Hermida Rodríguez, Manuel Ordóñez Mato, José Couto Pérez, José Mandía Pose, Juan Cordeiro Pose, Antonio Varela Pazos, Ramón Nieto Rodríguez e Manuel Pampín Figueira.

Non deberon gustar demasiado os cambios producidos o 11 de febreiro dese ano cando as Cortes proclamaron a Primeira República, limitándose a darse por enterados do novo sistema político sen máis comentarios⁶⁵, situación que contrasta coa restauración da monarquía Borbón en xaneiro de 1875 tras o pronunciamento de Martínez Campos o 29 de decembro do ano anterior: *Sabido con júbilo el advenimiento al trono de España del dignísimo Sr. Príncipe de Asturias D. Alfonso de Borbón, le recibe este Ayuntamiento en unión de los pacíficos moradores del mismo de todas clases y categorías, como signo seguro de la paz, prosperidad y bienestar que tanto necesita esta trabajada nación*⁶⁶.

65 AMM. LAAM. C-116. Libro de actas de 1873. Sesión do 20-01-1873.

66 AMM. LAAM. C-116. Libro de actas de 1875. Sesión do 11-01-1875.


Durante os bienio **1875-1876** Abelenda segue de alcalde pero nas actas destes anos unicamente figuran as sinaturas de oito membros, ademais do alcalde: Juan Antonio Veiga, Manuel Ordóñez Mato, Manuel Hermida Rodríguez, José Mandía Pose, Antonio Varela Pazos, Ramón Rama, Juan Cerdeiro e Ramón Nieto Rodríguez.

Con data do 26 de setembro de 1876, Abelenda responde a unha pregunta, formulada polo gobernador civil da provincia, sobre o selo empregado polo concello na que dá unha explicación moi interesante porque aclara a razón desa figura que sempre aparece nos folios das actas como borrosa, aparentemente por falta de tinta ou defecto do cuño:

El sello arriba estampado es el único que se ha usado en este ayuntamiento desde que entró a reinar en España S. M. D^a Isabel Segunda (Q. D. G.) el cual estaba significado en su centro con esta cifra “@” y que por circunstancia posteriores hizo necesidad de eliminar, quedando solo la base de dichas iniciales, que aún se reconocen, así como por debajo la figura de una ancla que significa que la capitalidad existió en esta villa y puerto.

No se ha usado antes ni después de otro sello de ningún género⁶⁷.

67 Archivo Histórico Nacional. SIGIL-TINTA-CORUÑA, 5, N.47.



Escrito enviado polo alcalde ao gobernador civil aclarando a figura do selo municipal.

Entre 1877 e finais de 1882 formaron parte da corporación municipal as mesmas persoas con lixeiros cambios na posición dos concelleiros en función das eleccións de 1877⁶⁸, 1879 e 1881. Segundo o censo de veciños, que ascendía a 3.764 en 1877, o concello debía estar formado por 1 alcalde, 2 tenentes de alcalde e 8 concelleiros, actuando un deles como procurador síndico. Pedro

68 Nas eleccións de 1877 empataron a votos (392) Abelenda, Rama, Hermida, Nieto e Varela. AMM. Expediente de eleccións. 1877. C-1087.

María Abelenda continuou sendo o alcalde; Juan Antonio Veiga e Juan Cerdeiro Pose mantivéronse como 1º e 2º tenentes de alcalde e como concelleiros actuaron: Ramón Rama Gómez, que asumía tamén o cargo de procurador síndico, Manuel Hermida Rodríguez, Antonio Varela Pazos, Ramón Veiga Couto, Ramón Nieto Rodríguez, Francisco Anido Varela, Andrés Martelo Cousillas e José Suárez Rey.

Non se conserva o libro de actas de **1883**, pero polo que sucedeu en xuño do ano seguinte producíronse cambios na composición do concello nese ano. Descoñecemos cal foi o problema, que non debeu ser menor, porque era crecente o malestar existente nunha parte do vecindario.

[El alcalde de Malpica] lleva más de treinta años de ejercicio. [...] En ese largo período no se registra la más insignificante mejora. La capital del distrito y los pueblos que lo constituyen viven la vida primitiva. Y si alguien quiere convencerse que atravesese —si puede— los caminos de herradura que comienzan en Leiloyo y que baje —si le es posible— a este puerto. Vías intransitables; precipicios por doquier; depósitos de substancias en descomposición; arroyos de agua podrida; gente que vive de milagro; familias que engordan y crecen a cuenta del pueblo; abandono completo de todos los servicios administrativos, tal es el cuadro que ofrece este desventurado distrito.

¿Pero a qué dedicó su actividad ese alcalde? Dirá V. ¿A qué? Pues a tener la alcaldía por juro de heredad. A nombrar secretario de la corporación a un hijo suyo. A dar la plaza de médico a otro hijo. A conseguir que otro sea juez municipal. A emplear en Cuba a otro; y van cuatro hijos. Y a buscar el medio de que un quinto hijo estudiase la carretera en construcción de Carballo a este pueblo por si podía, y pudo, atravesar veinte o treinta barracas que tiene en Buño. [...]

Para terminar por hoy porque lo dicho no es más que el prólogo, sépase que ese alcalde vive en Buño y que solo asiste al Ayuntamiento cuando hay elecciones o tienen lugar las operaciones de la quinta⁶⁹.

69 *La Voz de Galicia*, 27-01-1884, p. 1.

Segundo a acta da sesión do 16 de xuño de **1884**, que estivo presidida polo primeiro tenente de alcalde, Antonio Varela Pazos, con asistencia dos concelleiros Francisco Facal de los Reyes, Juan Cerdeiro Pose, Ramón Sande Laiño, José Vidal Villar, Manuel Rodríguez Garrido, Francisco Berdía Rodríguez, José Ordoñez Mato, Francisco Villar Laiño, Simón Varela Lema⁷⁰, Narciso Abelenda Rodríguez e José Bello Pombo, todos eles nomeados polo gobernador o 11 dese mesmo mes e formaban o novo concello interino *por haber sido suspensos en sus cargos de Alcalde, Tenientes y Concejales respectivamente D. Pedro María Abelenda, D. Antonio Varela Pazos, D. Andrés Martelo Cousillas, D. Ramón Veiga Couto, D. Francisco Veiga Varela, D. Manuel Hermida Rodríguez, D. Ramón Nieto Rodríguez, D. Manuel Souto Novo, D. Francisco Anido Varela, D. José Suárez Rey, D. Manuel Varela Cousillas. [...] En este estado, por el señor presidente se instalaron y dio formal posesión a los sobre dichos señores de los cargos de tales concejales de este Ayuntamiento en el concepto ya de interinos*⁷¹.

Nesa mesma sesión extraordinaria, baixo a presidencia accidental do primeiro concelleiro, Francisco Facal de los Reyes, cumprindo a orde do gobernador, procederon á elección da corporación.

Se procedió, según lo ordenado, al nombramiento de alcalde presidente por votación secreta por medio de papeletas que el interino fue recibiendo de mano de los señores concejales, sin desdoblarlas ni leerlas y depositándolas una a una en la urna que estaba preparada al efecto en cumplimiento exacto de lo que mandan los artículos 53 y 54 de la Ley municipal. Hecha la votación fue sacando el Sr. Presidente de la urna las mencionadas papeletas, una por una, y leyendo en voz alta el contenido que dio el resultado siguiente: Para Alcalde Presidente obtuvo Francisco Facal de los Reyes, siete votos y una papeleta en blanco, fue proclamado

70 Francisco Villar dixo que non podía aceptar o cargo «por ser mayor de 70 años y padecer de la vista. Igual petición hizo D. Simón Varela Lema de que no puede desempeñar el cargo que se le confiere fundado en que padece de la vista y otros achaques que el aquejan». AMM. LAAM. C-117. Libro de actas de 1884. Sesión do 16-06-1884.

71 AMM. LAAM. C-117. Libro de actas de 1884. Sesión do 16-06-1884.

Alcalde como agraciado por mayoría absoluta; pasó a ocupar la presidencia después de haber prestado juramento a la leyes y legislaciones vigentes». Completaban a nova corporación, máis reducida: Juan Cerdeiro Pose como 1º tenente de alcalde; Ramón Sande Laiño como 2º tenente e os concelleiros: Francisco Berdía Rodríguez (como síndico procurador), José Vidal Villar, Manuel Rodríguez Garrido, José Bello Pombo, José Ordóñez Mato, Narciso Abelenda.

Remataba así o longo período de mandato de Pedro María Abelenda sen que saibamos as razóns que levaron ao gobernador a tomar a decisión de cesalo.

Francisco Facal de los Reyes

1 de xuño de 1884 - 1 de xullo de 1885

Durante un ano desempeñou o cargo de alcalde Francisco Facal de los Reyes, que actuara como xuíz municipal durante o bienio 1881-1883⁷² manténdose a corporación elixida en xuño de 1884 ata as eleccións de xullo de 1885. Era veciño de Cambre e elector a Cortes pola cota territorial que pagaba⁷³.

Pedro Varela Cousillas

1 de xullo de 1885 - [...] - 1 de xaneiro de 1890

O 1 de xullo de 1885 tomou posesión a corporación municipal como resultado de novas eleccións resultando elixido como alcalde Pedro Varela Cousillas por 8 votos fronte a 3 que obtivo Manuel Berdía Castiñeira. Polas actas de 1885 sabemos que formaban parte deste novo concello Pedro Loureiro, José Añón Gómez, Manuel Berdía Castiñeira, Antonio Veiga, José Martínez, José Montáns, Francisco López e Juan Cerdeiro.

72 BOP, 13-07-1881, p. 2.

73 En 1879 era de 50 pesetas anuais.

Aínda que non se conservan as actas de 1886, Pedro Varela figura como alcalde en comunicados publicados no Boletín Oficial da Provincia, polo menos ata setembro dese ano⁷⁴.

Faltan tamén as actas de 1887, 1888 e 1889 e por noticias indirectas sabemos que houbo cambios na composición da corporación municipal e tamén problemas serios que obrigaron a intervir ao gobernador en 1888⁷⁵ cesando aos seus membros e repoñéndoo ao ano seguinte⁷⁶, pero as noticias da prensa non permiten interpretar correctamente o sucedido por falta de datos para contrastar.

Antonio Varela Pazos

1 de xaneiro de 1890 - 20 de outubro de 1890

Como resultado das eleccións de decembro de 1889, o 1 de xaneiro tomou posesión da Alcaldía de Malpica Antonio Varela Pazos⁷⁷. O libro de actas de 1890 está sumamente deteriorado polo que resulta case imposible ler

74 BOP, 29-09-1885, p. 3; 16-06-1886, p. 3; 20-07-1886, p. 4; 23-07-1886, p. 4; 24-08-1886, p. 4.

75 «Ha tomado posesión de s cargo la nueva Corporación municipal de Malpica, nombrada por el Gobernador civil de la provincia en sustitución de la que depuso el juez del partido de Carballo por dependencia de un procedimiento criminal. Los concejales entrantes continuarán la gestión política y administrativa de sus antecesores, con lo cual será probado que determinados Mesfistófeles políticos han procedido con prematura oficiosidad al prorrumpir en diabólicas carcajadas de triunfo. ¡Su gozo en un pozo! *Ad mejorem populi gloriam*». *La Voz de Galicia*, 23-05-1888, p. 2.

76 «Hace pocos días dimos conocimiento a nuestros lectores de la absolución recaída en la causa formada al Alcalde y varios concejales de Malpica, supuesta exacción ilegal. Absolución que no creemos consuele a dichos Concejales del año y pico de suspensión, gastos y molestias de que fueron objeto, con la circunstancia agravante, de que algunos ni siquiera habían tomado posesión ni ejercicio del cargo. [...] Hoy nos vemos precisados a añadir, que cuando aún no ha sido notificado el auto al Gobierno civil para la reposición de dichos concejales, ha sido vuelto a procesar el referido alcalde, esperándole otro año más de martirologio para curarse de su deseo de tomar posesión de la Alcaldía; cosa no inesperada para él, pues por alguien y con tiempo se le había advertido que no tomase determinada actitud política». *La Voz de Galicia*, 08-05-1889, p. 2.

77 En 1879 figura como elector nas eleccións a Cortes en calidade de maiores contribuínte cunha cota anual de 83 pesetas. BOP, 14-01-1879, suplemento.

a maioría das súas páxinas. Na correspondente ao 29 de setembro consta *la comunicación del señor Gobernador Civil de la provincia, su fecha 19 de setiembre último, por la cual se manda restituir en sus cargos a los concejales suspensos por virtud de causa, de la cual han sido absueltos* debendo ser repostos sempre que non lles correspondese cesar polo tempo que levarían no cargo. Anota o secretario que Pedro Calvo Rodríguez falecera e que unicamente quedaban por tomar posesión Francisco Lamela e Jacinto Pose Garrido, aos que non lles correspondía cesar ata o próximo maio⁷⁸.

Nas eleccións de 1889 foron elixidos 8 concelleiros para formar parte da corporación de 1890: Manuel Garrido García, Pedro Pereira Budiño, Manuel Iglesias Bello, José Novo Pose, Antonio Blanco Pérez, Ramón Mourón Gómez, José Bardanca Fernández e Manuel Hermida Rodríguez⁷⁹.

Durante o seu mandato tiveron lugar algúns desordes por parte de veciños que querían trasladar a capital do concello de Malpica a Buño. A poboación estivo dividida un tempo e mesmo a prensa coruñesa tomou parte no asunto. No fondo do problema latexaba unha cuestión caciquil. Pola perda do control que mantiveron durante décadas alcaldes veciños de Buño? Ou polo alcalde actual que era de Cambre?

Nos escriben de Malpica dándonos cuenta de la exaltación en que se encuentran los ánimos de los habitantes en aquel término municipal a causa del intento que tienen algunos de trasladar la capitalidad del Ayuntamiento al pueblo de Buño. En las cartas que nos escriben se manifiestan temores de que semejante cuestión pueda ocasionar trastornos y serios conflictos en poblaciones tan pacíficas. [...] Vense en estos días, según nos dicen, recorrer las parroquias multitud de agentes que recogen firmas para acompañar a las instancias en que se solicita por

78 Antonio Varela asina como alcalde varios documentos enviados desde o concello para ser publicados no Diario Oficial da Provincia: BOP: 25-04-1890, p. 3; 21-05-1890, p. 4; 06-06-1890, p. 3.

79 AMM. Expediente de eleccións. 1895. C-1087.

unos el referido cambio de la capitalidad y por otro se pide el statu quo. [...]

Sin que a nosotros nos mueva ni la menor sombra de apasionamiento, atentos únicamente al bienestar de nuestras comarcas y a la mejor y más fácil administración oficial, debemos demostrar nuestras simpatías por los últimos, estos es, por los que sostienen con gran razón que la cabeza del Municipio deben continuar en Malpica, no solo porque es esta una villa de mayor importancia y población que Buño, sino por hallarse también en ella la Comandancia y la Ayudantía Marítima, así como la fuerza de carabineros que vigila la costa desde Camelle hasta Cayón, motivos suficientes para que las autoridades superiores, llamadas a resolver en este asunto, rechacen el descabellado proyecto de los buñistas movidos por alguna persona interesada en asuntos propios y no en el bien general del país.

Parece, en efecto, que el caciquismo ha tomado esta cuestión por su cuenta y que en los primeros días se comenzaron a recoger firmas con el pretexto de trasladar uno de los colegios electorales, y en pliegos en blanco, pero apercebidos ahora los habitantes del Ayuntamiento, diéronse también en recoger firmas de protesta y en pocos días se han llenado doce pliegos, dándose el caso de firmar muchos que ya lo habían hecho, anteriormente engañados⁸⁰.

Jacinto Pose Garrido

20 de outubro de 1890 - Maio 1891

O 20 de outubro de 1890 tomou posesión do cargo o novo alcalde Jacinto Pose Garrido que permanecerá na Alcaldía ata as eleccións que renovaron o cargo de alcalde en maio de 1891, pero descoñecemos o día exacto de final do seu mandato porque non se conservan os resultados das eleccións nin a acta

80 *La Voz de Galicia*, 03-04-1890, p.2.

de 1891. Nestas eleccións entraron, como novos concelleiros: Mariano Grela Fernández e José Calvo Rodríguez polo primeiro distrito e Francisco López Regueira e José Cotelo Pose polo segundo.

Francisco López Regueiro

Maio de 1891 - 13 de febreiro de 1900

Despois de Pedro María Abelenda, este alcalde foi quen permaneceu máis tempo na Alcaldía de Malpica, cargo que desempeñaba cando faleceu o 13 de febreiro de 1900.

A poboación de Malpica aumentou considerablemente desde os datos de 1877 sendo xa 4.213 veciños, quedando a corporación formada por nove concelleiros, ademais do alcalde, os dous tenentes de alcalde e o procurador síndico.

En abril de 1893, en aplicación da Lei Orgánica Municipal e o Real Decreto da súa aplicación, deben axustar o número de concelleiros e establecer a quenda de renovación por metades cada dous anos. Para iso deciden realizar un sorteo entre os oito elixidos en 1889 para que continúen dous (que serán os que cesen na próxima elección) correspondéndolle en sorte a Pedro Pereira Budiña, do primeiro distrito, e a José Bardanca do segundo. Entre os novos elixidos, polo primeiro distrito, Manuel Hermida, Luciano Fariña Novo, José Cousillas Pampín e Andrés Suárez Novo e polo segundo, Gregorio Verdes Varela, Félix Mira Añón, José Bardanca Fernández e José Montans Bardanca.

En xaneiro de 1895, a corporación estaba formada polo alcalde Francisco López Regueiro, Gregorio Verdes Varela, José Bardanca Fernández, José Montáns, Félix Mira, José Calvo, Manuel Hermida, Andrés Suárez, José Cousillas, Luciano Fariña Novo, Mariano Grela Fernández, Francisco López Regueira e José Cotelo Pose. Seguindo o procedemento anterior, no sorteo tocou que debían cesar na próxima elección Luciano Fariña Novo, Mariano Grela Fernández e José Calvo Rodríguez, do primeiro distrito, e Gregorio Verdes Varela, Francisco López Regueira e José Cotelo Pose do segundo.

Non temos datos da renovación de 1897 porque non se conserva nin o expediente das eleccións nin o libro de actas de 1897. En 1898 figuran nas actas os nomes do alcalde e dos concelleiros: Manuel Garrido, José Cotelo, José Montáns, José Bardanca, Andrés Suárez, José Añón Pose, Pedro Pereira, José Calvo, José Lema Pose, Pedro Preira e Gregorio Verdes.

Para a renovación da corporación municipal en maio de maio de 1899 contamos unicamente cun dato da prensa porque non se conserva nin o expediente de eleccións ni o libro de actas. *Han sido proclamados hoy concejales, con la afiliación política de adictos, por el primer distrito, D. Francisco López Regueiro, D. José Cotelo Pose, D. Francisco Cotelo Blanco y D. Manuel Couto Regueiro, los dos primeiros reelegidos. Y por el segundo distrito D. Manuel Garrido García, reelegido y D. Antonio Blanco Varela*⁸¹.

Unha decisión desta Corporación foi modificar lixeiramente a representación das parroquias na Xunta municipal asignando 1 vogal a Barizo, Cambre, Leiloio, Mens e Vilanova; 2 a Buño e Cerqueda e 3 a Malpica aplicando o criterio poboacional que establecía o artigo 67 da Lei Municipal⁸².

Non se conserva o libro de actas de 1899 e non puidemos consultar o de 1900, pero grazas á prensa coñecemos a noticia do falecemento do alcalde o 13 de febreiro de 1900.

LA VOZ EN MALPICA

En la inmediata parroquia de Cerqueda se le ha dado ayer [14] cristiana sepultura al que en vida venía siendo alcalde de este Ayuntamiento, D. Francisco López Regueiro, cargo que desempeñaba desde el año de 1891.

Ha sido el primeir alcalde que en este distrito ha fallecido, hallándose en posesión de dicho cargo, desde el establecimiento de los Ayuntamientos.

81 *La Voz de Galicia*, 20-05-1899, p. 2.

82 BOP, 19-07-1899, p. 3.

Era el finado de afable trato y de acrisolada honradez, circunstancias que le hacían acreedor a la estimación general de que estaba rodeado.

Al entierro ha asistido la corporación presidida por el primer teniente de alcalde señor Couto y todos los demás empleados del municipio.

A pesar de los desapacible del día también han concurrido muchas más personas, demostrando así la pena que causó a todos su muerte⁸³.

José Cotelo Pose

Foi o derradeiro alcalde de Malpica do século XIX. Tras a morte do anterior alcalde posiblemente asimiou interinamente a Alcaldía Manuel Couto como primeiro tenente de alcalde, pero poucos días máis tarde⁸⁴ asina como novo alcalde José Cotelo que se manterá no posto durante os primeiros anos do século XX.

83 *La Voz de Galicia*, 18-02-1900, p. 2.

84 BOP, 02-03-1900, p. 3.

Bibliografía

- CABALLERO DOMÍNGUEZ, M. (1999). «El derecho de representación: sufragio y leyes electorales», *Ayer*, nº 34, pp. 41-64.
- CAL Y CORTINA, R. M^a (1997). *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*. A Coruña, Deputación Provincial.
- CALERO AMOR, A. M. (1987). *La división provincial de 1833. Bases y antecedentes*. Madrid, Instituto de Estudios de Administración local.
- CARRASCO CANALS, C. (1972). «El Municipio en la Administración española del siglo XIX», *Revista de Estudios de la Vida Local*, nº 173, pp. 71-102.
- CASTRO, C. (1979). *La revolución liberal y los municipios españoles*. Madrid, Alianza Editorial.
- CASTRO MONSALVE, C. (1979). *La Revolución Liberal y los municipios españoles (1812-1868)*. Madrid, Alianza Editorial.
- COSCULLUELA MONTANER, L.; ORDUÑA REBOLLO, E. (2008). *Historia de la legislación de régimen local (siglos XVIII a XX)*. Madrid, Justel.
- FARIÑA JAMARGO, X. (1990). *Os concellos galegos*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ----- (1994). *A parroquia e a súa articulación administrativa no concello constitucional*. Santiago, II Simposio de Historia da Administración.
- HIJANO PÉREZ, A. (2013). « El municipio y los servicios municipales en la España del siglo XIX», *Ayer*, nº 90, pp. 141-166.

- MARTÍN MATEO, R.; ORDUÑA REBOLLO, E. (1979). «cuestión municipal en las diversas Constituciones españolas», *Información Comercial Española. ICE. Revista de Economía*, nº 549, pp. 29-40.
 - MONSELL CISNEROS; F.; PÉREZ DÍAS, R.L. (1989). «La práctica electoral en el reinado de Isabel II», *Revista de las Cortes Generales*, pp. 143-177. <https://revista.cortesgenerales.es/rcg/article/download/452/1374>. [Consulta 20-03-2023].
 - MORILLO-VELARDE, J. (1977). *El alcalde en la Administración española*. Sevilla, Instituto García Oviedo.
 - NIETO GARCÍA, A. (1994). *Régimen local durante la regencia de María Cristina*. Santiago, II Simposio de Historia da Administración.
 - ORDUÑA REBOLLO, E. (1988). «Las ordenanzas municipales en el siglo XIX y las reunidas por don Juan de la Cierva en 1908», *Investigaciones históricas. Época moderna y contemporánea*, nº 8, pp. 161-180.
- (2003). *Municipios y provincias. Historia de la organización territorial española*. Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales. Instituto Nacional de Administración Pública.
- (2005). *Historia del municipalismo español*. Madrid, Justel.
- (2012). «El municipio constitucional en la España de 1812», *Revista de Derecho Político*, nº 83, pp. 399-437.

MARÍA BARBEITO - CELIA BRAÑAS: A CONTROVERSIA DE 1908 E O VOTO FEMININO

Ana Romero Masiá

aromeromasia@yahoo.es

Resumo

No Ateneo fundado no seo da *Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos* da Coruña pronunciou unha conferencia en decembro de 1907 a mestra María Barbeito que foi seguida dunha sesión de controversia na que tomou a palabra Celia Brañas. Punto destacado da discusión foi o tema do voto para a muller defendido por María Barbeito e combatido por Celia Brañas.

Abstract

In December 1907, teacher María Barbeito gave a lecture at the Athenaeum, founded as part of the *Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos* of A Coruña, which was followed by a controversial session in which Celia Brañas took the floor. A highlight of the discussion was the issue of the vote for women defended by María Barbeito and fought by Celia Brañas.

Palabras clave

Voto feminino, María Barbeito Cerviño, Celia Brañas Fernández.

Key word

Female vote, María Barbeito Cerviño, Celia Brañas Fernández.

1. A condición da muller en España a comezos do século XX

Pouco (máis ben nada) se avanzara na mellora da condición da muller en España no inicio do século XX. Seguía sendo considerada ser de inferior categoría que o home, sometida a el, destinada a ser o *anxo do fogar*, con múltiples deberes pero sen dereitos. O matrimonio convertíase no obxectivo da maioría delas.

Para las mujeres españolas no hay, en general, más carrera que la del matrimonio. El padre que tiene un hijo varón puede a priori calcular que será su descendente [...], pero si tiene hijas, no sabe que serán estas hasta el día en que se les imponga el santo yugo del matrimonio. Tampoco lo saben ellas... serán lo que se sea su marido.

Esto hace del porvenir de la mujer una lotería. Cada una de ellas lleva sobre su linda cabecita el cántaro de la lechera y la que más y la que menos sueña con un príncipe gentil, guapo y rico, que el día menos pensado vendrá de lejos, de regiones maravillosas a pedir la branca mano de la soñadora doncella. El príncipe no viene y la joven casadera apanda con el mortal bastante heroico que se decide a ingresar en el gremio de los casados [...]. ¡Cuántas

*jóvenes bonitas fantasearon casar con un caballero de la a Tabla Redonda y tuvieron que contentarse con un vulgar dependiente de ultramarinos!*¹

A discriminación cultural era a raíz desta situación de dependencia, pois a falta de instrución provocaba a súa ignorancia e dependencia. De aí a necesidade de defender o dereito á educación da muller, unha das constantes no traballo dunha das protagonistas: María Barbeito. Así, xa en xaneiro de 1907, nun dos seus primeiros traballos publicados, protestaba contra o decreto que creaba escolas de adultos unicamente para homes, norma que consideraba inxusta por excluír dos beneficios da extensión da educación ás mulleres, perpetuando así a situación de marxinalidade á que se vían sometidas, pero tamén poñendo en evidencia o papel submiso e indiferente de moitas delas.

Tema sobadísimo es el del abandono en que se tiene a la mujer considerada en otra forma que como instrumento de placer y de servidumbre, pero que desgraciadamente no pierde actualidad ni interés, ya que son muy frecuentes los motivos de queja justísima de los descontentos con la condición inferior que se les asigna. [...] Acaba de dictarse una de las más acertadas disposiciones emanadas en los últimos tiempos del Ministerio de Instrucción pública, y esa disposición que significa un avance en la cultura masculina, prescinde de la mujer y la abandona a su ignorancia, que persistirá mientras haya quien considere un lujo, cuando no un estorbo o un defecto, el saber en ella. [...]

Estamos tan habituadas a este apartamiento del progreso, tan resignadas con nuestro pobre haber intelectual, que aceptamos tranquilas e indiferentes el aludido decreto, referente al establecimiento de escuelas de adultos, y apenas se alzó para protestar de él la voz de unas cuantas maestras, madrileñas, y la de una ilustrada profesora de Navarra, como lesivo de los intereses femeninos y de los suyos profesionales. [...] La mayor dificultad a

1 «As nenas casadeiras», *Eco de Santiago*, 14-02-1900, p. 1.

vencer es la complacencia con que muchas mujeres se dedican única y exclusivamente a la fútil ocupación de adornarse y parecer bien en lo exterior, sin pensar que puedan desempeñar misión bastante más digna [...]. Para contrarrestar la oposición que de este lado venga no faltan otras con anhelos de engrandecimiento, con ansias y ambiciones más nobles y puras que las de servir de recreo a la vista, aunque no esté reñido lo uno con lo otro².

As discusións sobre se as mulleres podían compartir aulas no ensino secundario cos homes atrasou o permiso para que estas cursasen estudos de Bacharelato e tamén cómpre ter presente que o acceso das mulleres á Universidade en España non estivo legalizado ata 1910. Todas estas trabas contribuíron ao atraso cultural das mulleres españolas ata ben entrado o século XX.

A condición xurídica establecida pola lexislación liberal (Código Penal, Civil e de Comercio) discriminaba claramente á muller, someténdoa ao home para calquera tipo de acción legal ou comercial.

Art. 59. El marido es el administrador de los bienes de la sociedad conyugal. [...]

Art. 60. El marido es el representante de la mujer. Esta no puede, sin su permiso, comparecer en juicio por sí o por medio de Procurador [...].

Art. 61. Tampoco puede la mujer, sin permiso o poder de su marido, adquirir [...], ni enajenar sus bienes.

Art. 62. Las compras de joyas, muebles y objetos preciosos, realizadas sin permiso del marido solo se validarán cuando éste consienta a su mujer el goce de tales objetos³.

2 Barbeito Cerviño. «Más equidad», ¡Adelante!, 03-01-1907, p. 1.

3 Código Civil. *Gaceta de Madrid*, 25-07-1889, p. 250.

Entre as voces que se alzaron contra esta situación destacou a da pensadora ferrolá Concepción Arenal.

Y dejando las costumbres pasamos a las leyes. ¿Qué es lo que ven nuestros ojos? Ah! Un espectáculo bien triste [...] Las leyes civiles consideran a la mujer como menor si está casada, y aunque no lo esté se le niegan muchos de los derechos concedidos al hombre.

Si la ley civil mira a la mujer como un ser inferior al home, moral e intelectualmente considerada, ¿por qué la ley criminal le impone iguales penas cuando delinque? ¿Por qué para el Derecho es mirada como inferior al hombre y ante el delito se le considera igual a él? [...] Es monstruosa la contradicción que resulta entre la ley civil y la ley criminal; una nos dice: «Eres un ser imperfecto; no se te pueden conceder derechos». La otra: Te considero igual al hombre y te impongo los mismos deberes; si faltas a ellos, incurrirá en idéntica pena⁴.

A discriminación política privaba ás mulleres do dereito político fundamental: o dereito ao voto, reclamado polo movemento sufraxista, que tivo forte implantación en países como Estados Unidos e Gran Bretaña. Se exceptuamos as discusións que tiveron lugar no contexto da elaboración da Constitución de 1869, as primeiras propostas nas Cortes de España tiveron lugar en 1877, coincidindo con debates similares que estaban tendo lugar no Parlamento de Londres. Propoñíase unicamente a concesión de voto para mulleres que tiñan a patria potestade e terían que exercelo por escrito e a través de apoderado. Pero a tímida e limitada proposta foi rexeitada.

O enfrontamento entre partidarios e contrarios do dereito ao sufraxio feminino permaneceu durante décadas. Os argumentos máis empregados baseábanse na discriminación por xénero. Desfacer as tradicionais barreiras entre o público —terreo masculino— e o privado —terreo feminino—autorizando o

4 Arenal. *La mujer del porvenir*. 1861. Capítulo I. «Contradicciones».

acceso das mulleres ao espazo público era considerado como un perigo para a orde social establecida e para o reparto dos roles de xénero. Moitos homes e moitas mulleres temían que ao cuestionar o prototipo feminino de anxó/raíña do fogar abriría un futuro incerto e perigoso na institución familiar. De feito, foi a percepción do sufraxismo como ameaza á familia o que impediu a súa aceptación social.

En 1888 fundouse en Washington o Consello Internacional de Mulleres que, entre os obxectivos, tiña conseguir o voto para a muller. Os defensores da idea argumentaban que robustecería á familia e os que se opoñían que a destruíría.

Así como el hombre, además de su entendimiento, posee aptitudes físicas que le permiten afrontar la lucha de los comicios, por el contrario la mujer, que tiene con frecuencia gran sagacidad, está menos dotada de la capacidad de generalizar y no se fija mucho en cuestiones públicas [...]; además, su salud, relativamente débil, su santa función de madre, su pudor, impide que asista a reuniones electorales, a asambleas ruidosas y a luchas ardientes. No fue el legislador quien dispuso este modo de ser de la mujer; fue la naturaleza [...]. Por más que se diga, el ejercicio de los derechos políticos privaría a las mujeres del tiempo necesario para atender a los deberes propios de su sexo [...]. Desde el instante en que la igualdad de derechos políticos exista en la familia, fácil será que desaparezca la armonía entre el marido y la mujer⁵.

En 1890 estableceuse en España o sufraxio universal masculino, pero as mulleres continuaron excluídas. O movemento sufraxista loitou por conseguir que as mulleres tivesen dereito de voto, pero en España tivo menos forza que noutros

5 Conde de Toreno. *Respuesta al discurso de entrada en la Academia de Ciencias Morales y Políticas de Raimundo Fernández Villaverde*. [Consideracións histórico-críticas sobre o sufraxio universal como órgano de representación política nas sociedades modernas]. Sesión pública de 19-05-1889. Madrid, 1894, pp. 307-309.

países⁶. En 1907, durante a discusión dunha nova lei electoral, Odón de Buen, senador de *Solidaridad Catalana* pediu que se concedese o voto a nivel municipal para as mulleres con plenos dereitos civís, e o conde de Casas-Valencia, senador liberal, ampliou o dereito para aquelas viúvas con certo nivel de renda, petición similar á presentada por Joaquín Salvatella, deputado republicano federal. Ao ano seguinte, o deputado republicano Pi y Arsuaga, presentaba unha proposición para que puidesen votar as mulleres emancipadas e cabezas de familia. Pero todo foi rexeitado.

Neste contexto é cando xurde na Coruña a polémica entre os partidarios e os contrarios a conceder o dereito de voto para as mulleres. E, como sucederá vinte e tres anos máis tarde, nos inicios da Segunda República, a controversia estivo protagonizada por dúas mulleres: María Barbeito e Celia Brañas. As dúas naceran na Coruña en 1880 e, no momento da polémica, as dúas exercían a docencia na súa cidade: Barbeito nas Escolas da Guarda e Brañas na Escola Normal de Mestras.

2. A actividade do Ateneo Científico Literario

En 1907 a *Reunión recreativa e instructiva de artesanos*, máis coñecida coa denominación popular de *Circo* ou *Reunión de Artesanos*⁷ organizou, no seu seo, o Ateneo ou *Sección Ateneística científico-literaria*⁸. Entre as

6 As mulleres conseguiron o dereito de voto en Nova Zelandia en 1893; en Australia en 1901; en Finlandia en 1906. En 1904 fundouse a Alianza Internacional para o sufraxio feminino e en 1907 a *Women's Freedom League*. En España, a partir da aprobación do sufraxio universal masculino en 1890 foron varias as proposicións elaboradas polos grupos políticos que consideraban diferentes situacións e condicións para conceder o voto á muller, pero este non foi recoñecido plenamente ata a Constitución republicana de 1931.

7 Fundada o 19 de marzo de 1847, o *Circo* foi a máis duradeira, activa e popular das asociacións culturais coruñesas ata 1936. A sección do Ateneo foi creada o 18 de maio de 1907 e inmediatamente comezou as súas actividades. Entre os 39 socios fundadores do Ateneo figuraba unicamente unha muller: María Barbeito Cerviño.

8 Como presidente foi elixido Rodrigo Sanz e como secretario xeral José Gradaille. Ademais, cada unha das seccións do Ateneo contaba co seu propio secretario: Joaquín Martín Martínez da primeira, Gerardo Abad Conde da segunda, Jesús Luengo Conde da terceira e Ángel del Castillo da cuarta. Estrada Catoyra, 1986: 209.

finalidades desta sección estaba organizar excursións, certames anuais, publicar memorias sobre diversos temas, celebrar veladas literarias e musicais e conferencias que desen lugar a controversias sobre o tema exposto. O Ateneo inaugurou as súas sesións o 25 de maio de 1907 coa conferencia de Ángel del Castillo sobre *Los castros gallegos* ás que seguiron as impartidas por Jesús Luengo, Gerardo Abad Conde, Juan Beltrán, Eduardo López Budén e Eugenio Carré Aldao, todos eles coñecidas e destacadas personalidades do mundo cultural coruñés e cos que se deu por rematada a primeira serie de conferencias.

A conferencia de Mercedes Tella iniciaba a segunda fase do programa do Ateneo. Era a segunda muller que subía á tribuna do *Circo*, pois unicamente Emilia Pardo Bazán, presidenta honoraria da institución, pronunciara un discurso nesa institución en novembro de 1904⁹. A intervención da directora da Normal espertou grande interese na Coruña, pois a súa sona viña precedida dos éxitos que tivera en Madrid¹⁰. De aí que o local do *Circo* resultase insuficiente para dar cabida a un público ansioso de escoitar a conferencia que levaba por título: *Factores sociales*¹¹.

A programación do Ateneo establecía que as conferencias puidesen ter continuación coa celebración dunha sesión de controversia para rebater os argumentos do conferenciante¹².

9 A *Reunión de Artesanos* cedera o seu salón de actos para celebrar os actos organizados pola Real Academia de Bellas Artes. Pardo Bazán pronunciou entón unha conferencia sobre o tema «Goya y la espontaneidad española». Estrada Catoyra, 1986: 198.

10 «La reputación lograda en conferencia que había dado en Madrid en la Unión Iberoamericana, acerca de “La mujer como factor indispensable en la lucha social”, luminoso trabajo que le valió muchos aplausos, felicitaciones y alabanzas en la prensa de la Corte, hizo que fuesen invadidos los salones de la Reunión de Artesanos por numerosa concurrencia en que predominó el elemento femenino». Estrada Catoyra, 1986: 211. Sobre a colaboración de Mercedes Tella na *Unión Ibero-Americana*: Romero Masiá, 2022: 39-47.

11 Sobre a significación e repercusión social e na prensa desta conferencia: Romero Masiá, 2022: 52-60.

12 No caso da controversia con Mercedes Tella, a prensa informa da intervención do médico Rodríguez Rouco. *La Voz de Galicia*, 01-12-1907, p. 1.

3. A conferencia de María Barbeito

Para o domingo 29 de decembro de 1907 estaba previsto que pronunciase unha conferencia no Ateneo María Barbeito, pero tivo que aprazarse ata o 31 polo falecemento de Luis Argudín Bolívar, quen fora alcalde da cidade e presidente da Reunión de Artesáns. A conferencia levaba por título: *Mejor ambiente educativo y condiciones que deben integrarlo* e, debido ao éxito alcanzado, foi publicada como folleto ao ano seguinte¹³. Presidía o acto Luciano Marchesi Buhígas —presidente do Circo—, xunto con Mercedes Tella —directora da Normal—, e membros do Circo como Andrés Martínez Salazar, Laureano Martínez e Emilio Fraga Lago¹⁴.

Como se pode deducir do título, o tema central da conferencia estaba relacionado, tal como a propia conferenciante indicaba, con *cuestiones desde el punto de vista práctico, único a mi alcance, ya que en el terreno de las teorías y de las abstracciones tendría que caminar a oscuras*, así como o papel que, ao seu xuízo, debía desempeñar a escola na educación da infancia, o traballo e as condicións nas que desenvolven o seu traballo mestras e mestres e da colaboración destes coas familias.

Si la escuela, el hogar y la parte de sociedad en que vive la familia del educando marchan al unísono, coinciden en sus trabajos, la acción del educador se multiplicará indefinidamente [...].

Se necesita facilitar idoneidad en los maestros, alcanzada en nuestro país gracias solo al esfuerzo personal y sin ayuda de los obligados a darla; y ellos a su vez requieren dinero, para su mayor perfección, más dinero del que hoy poseen a fin de tener a su alcance periódicos, revistas y libros, para poder asistir a congresos y asambleas donde se debaten asuntos profesionales, para visitar centros de enseñanza donde poder hacer análisis de los medios puestos en práctica y sus resultados; limitación del número de educandos desconocida

13 Barbeito Cerviño, 1909. Pode consultarse en: http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ig_album_MBarbeito_100.pdf

14 *El Noroeste*, 01-01-1908, 1. Emilio Fraga é o autor do folleto «La falta de cultura como causa de degeneración de la mujer» citado na conferencia por María Barbeito.

entre nosotros, que más podemos llamarnos niños que maestros, ya que solo vigilancia y no otra cosa puede exigirse a quien tiene encomendados uno o dos centenares de niños, aunque sea de madera de apóstoles y de mártires; casas por no decir palacios en lugar de mazmorras llenas de sombra para realizar en ellas labor que es todo luz; prodigalidad mejor empleada que para cosa alguna en material de enseñanza; proporcionar al educador materia en que ejercitar su trabajo; la escuela resulta inútil si no se le da contingente de alumnos razonable en número, pero de asistencia regular y constante¹⁵.

María Barbeito defendía con múltiples argumentos a superioridade da escola pública fronte á privada das familias podentes que educaban os fillos con profesorado estranxeiro porque *es evidente que el maestro comunica parte de su alma y no puede infundir la española quien la tiene francesa o alemana. Esto trae como resultante la falta de amor propio, el desprecio a lo propio nacido de la admiración hacia lo extraño. [...] La misma instrucción se resiente; es natural que cada uno conozca mejor la historia, la geografía, la fauna y flora, mineralogía, la literatura de su país y esto perjudica a la inmediata aplicación de los conocimientos¹⁶.*


A defensa da educación obrigatoria para nenos e nenas era xa nese momento —e será unha constante durante o resto da súa actividade docente— unha das súas máximas prioridades negando a liberdade de elección á educación nesas etapas.

Sobre la libertad de un individuo debe ponerse el bienestar común, y no hay cosa que ataque a este bienestar como la ignorancia y la ineducación. Venga, pues la enseñanza obrigatoria conseguida por todos los medios; de ella hemos prescindido por falsos respetos a la voluntad individual, y así estamos de medrados, y así nos ha ido. [...]

15 Barbeito Cerviño, 1909: 14.

16 Barbeito Cerviño, 1909: 9.

La escuela obligatoria hasta edad conveniente, no durante un tiempo irrisorio para la labor que debe realizarse en él, y el establecimiento de enseñanzas nocturnas para las jovencitas dedicadas ya al aprendizaje de un oficio, bastaría a dar lo necesario intelectual y moralmente a esas pobres criaturas, víctimas de la mayor ignorancia y causantes por ella a su vez de grandes males¹⁷.



17 Barbeito Cerviño, 1909: 15, 25.

Argumenta María Barbeito que canta maior sexa a formación intelectual da muller máis útil será á sociedade e á súa propia familia, o que non implica o abandono dos traballos caseiros, senón que mellora o seu cumprimento.

¿Qué mujer es más útil en el hogar: la que en la ruina limita su abnegación a disminuir los gastos —cuando ni aun esto sabe— o la que encuentra en sí misma medio honroso de buscar ingresos y la satisfacción nobilísima e incomparable de salvar a los suyos con el lucro de su trabajo? Miope voluntario será el que después de unas cuantas consideraciones semejantes a las expresadas insista en creer perjudicada la vida doméstica con la ilustración de la mujer.

El baluarte más fuerte que derribar entre las mujeres, apegadas a sus triunfos de galantería, es el error de creer que terminará su reinado por la gracia física en cuanto puedan dominar también por la inteligencia. Entre la hermosura corporal y la del alma no será muy dudosa la elección pero, además, la posesión de una de ellas no excluye a la otra, todo lo contrario, y si nos apercibiésemos del aumento de influencia que podríamos obtener con esta dualidad, nos apresuraríamos más de lo que lo hacemos hoy para adquirirla. Por de pronto la mujer ignorante no puede bastar a su marido. Será muy amada, muy respetada, pero llegará un momento en que el esposo necesite ocuparse en algo que no sean las satisfacciones del corazón, muy dulces, sí, pero raramente suficientes para llenar por completo la vida. Y ¿qué sucede entonces? que el marido desea comunicarse con alguien capaz de comprenderlo, y si no es su mujer será otra, o serán los amigos que irán alejándolo insensiblemente cada vez más del hogar. ¡Qué dolor entonces para la esposa amante verse suplantada, reconocer que no llena la vida de quien es dueño de la suya; ¡saber que en una parte de la existencia de su elegido ella no tiene intervención alguna, y lo que es peor, ni siquiera derecho a quejarse sin exponerse a oír justos reproches! Cuando no existe semejanza entre las aptitudes de los cónyuges surge lo que Dupanloup llama separación de espíritus: donde no existe

aproximación de intelixencias no pode ser completa y sobre todo duradera la de los corazones.

Por otra parte, una de las cosas más perjudiciales para la mujer que demuestra ansia de saber o que la satisface realmente, es salirse de la regla general, lo que no se le perdona por completo. En el momento en que todas adquiriésemos suficiente cantidad de cultura los prejuicios desaparecerían. [...] Día vendrá en que iguales todos hasta donde la igualdad es posible nadie se admire, ni se escandalice de la cultura de una mujer por superior que sea, y entonces pensarán en nosotras con un sentimiento de piedad, análogo al que nosotras dedicamos a nuestras antecesoras, a quienes sin embargo debemos habernos preparado el camino con la evolución tan lenta como segura y firme en su modo de vivir, y el habernos puesto en vías de conquistar por la razón nuestra única fuerza, lo que aún se nos discute pero ya no se nos niega¹⁸.

E enlazando con esta última reflexión, introducía a conferenciante o tema central deste artigo: a necesidade da participación das mulleres na vida política. Nos seguintes parágrafos sintetizaba María Barbeito o seu pensamento, pero tamén deixaba claramente definido o camiño para conseguir os obxectivos propostos, traballando a través da acción diaria. É certo que, como ela mesma recoñecía —*ya sé que hablo a convencidas*— o público ao que se dirixía compartía boa parte dos seus modos de entender a educación e a política, pero non por iso deixa de ter grande interese que á altura de 1907, e desde unha palestra ocupada por homes (as mulleres son unha excepción), unha mestra lance con diáfana claridade a necesidade da participación da muller na vida política, o que implica poder exercer o dereito a votar.

Ya propósito de esta necesidad de que la mujer tenga ideas propias y sepa razonar en todo, se me ocurre una observación. No se reclamó todavía en España el disfrute de derechos políticos y en ese apartamiento de tan importante esfera de la vida nacional la

18 Barbeito Cerviño, 1909: 18-19.

sostienen su propia comodidad y la ambición de los que hoy tienen la exclusiva. No he de discutir aquí, no se me asuste nadie, si la sociedad ganaría con su intervención directa en tales funciones —burla burlando creo que dice gran verdad a conocida copla de una de nuestras más populares zarzuelas¹⁹— pero lo que no se explica ni tiene disculpa es el gran horror que todas tenemos a esa fatídica palabra: política, y sin embargo, el derecho y el deber nos empuja a conocer siquiera lo que se oculta bajo ese nombre: nuestro derecho, puesto que somos gobernadas; y nuestro deber, porque la influencia de que disponemos en la familia nos obliga a utilizarla en el bien general, y no teniendo juicio propio no podemos intentar la modificación del ajeno.

Estoy oyendo la calificación de feminista ¿por qué no declarar que lo soy aunque no revolucionaria? Es el feminismo palabra que asusta generalmente por no dársele su verdadera significación; pero de que exista sólo tienen la culpa quienes negaron hasta aquí los derechos a que aspiran quienes militan bajo sus banderas. [...]

Ya sé que hablo a convencidas, que cuanto llevo dicho no es más que un imperfecto reflejo de vuestros propios pensamientos, pero no basta el convencimiento de la bondad de una cosa para sacar de ella la utilidad que encierra; a él debe seguir la acción, y esto es lo que nos falta a la mayor parte. Muchas de las que componen el para mí inmerecido auditorio ya marchan por ese camino y en él brillan; sigámoslas por tan hermosa vía pisando con cautela, pero con la firmeza que da la seguridad de saber que otras van delante estudiando el terreno y separando de él todo motivo de tropiezo²⁰.

E rematou a súa intervención María Barbeito facendo unha chamada a Mercedes Tella, presente no acto, para que, como membro da *Unión Ibero America-*

19 Alusión ao texto da romanza da zarzuela *Gigantes y cabezudos* estreada en Madrid en 1898: «Si las mujeres mandasen, en vez de mandar los hombres, serian balsas de aceite los pueblos y las naciones».

20 Barbeito Cerviño, 1909: 25-26.

na, se establecese na Coruña *una escuela de ciencias, artes e industrias para la mujer, algo semejante a lo que dicha distinguida agrupación estableció en Madrid con resultados prodigiosos, y ofreció extender al resto de las provincias españolas. Contando con el apoyo de tan notable coruñesa, y elevando si era preciso un mensaje a la Junta de señoras que dirigen aquella colectividad, firmado por las que habríamos de recibir sus beneficios (yo tendría a galardón cerrar con mi modesto nombre la lista de futuras alumnas solicitantes), podría ser realidad hermosa lo que es un esbozo de proyecto.* María Barbeito e Mercedes Tella, nomeadas socias de honra do Circo de Artesáns como recoñecemento polo labor no Ateneo, coincidirán no futuro en múltiples actos na Coruña relacionados tanto cos seus respectivos cargos profesionais —directora das Escolas da Guarda Barbeito e directora da Normal de mestras Tella— como pola participación en múltiples causas solidarias e de beneficencia nas que colaboraron.



Retrato de María Barbeito realizado por Fernando Cortés publicado en *La Voz de Galicia*, 01-01-1908, p. 1.

A prensa local da Coruña fixose amplo eco desta conferencia e os comentarios das crónicas foron, sen excepción, de máxima valoración para a conferenciante e a súa exposición.

Con poco espacio contamos hoy para hablar con la extensión debida de la notable conferencia de la señorita María Barbeito. ¡Dijo tantas y tan buenas cosas, y tan bien dichas! Que no hay manera de precisarlas en tan pocas líneas de que hoy podemos disponer. Los Aplausos se repitieron muchas veces. La señorita Barbeito los ha conquistado no solo con lo que nos dijo sobre la obra educativa en todos sus aspectos, sino por la correcta y elocuente forma en que lo dijo²¹.

Habló la distinguida conferenciante, haciendo resaltar su clara inteligencia, su privilegiado talento y su vasta y silda cultura. [...] Saludada cariñosamente por la concurrencia, comenzó seguidamente a desarrollar el tema de su conferencia con gran aplomo, con mucha serenidad y con completo dominio del asunto. [...] La señorita María Barbeito fue frecuentemente interrumpida por los entusiastas aplausos de la concurrencia durante la hora larga que dedicó a su notable disertación. No hay que añadir, después de lo dicho, que la ilustre conferenciante recibió muchas y muy efusivas felicitaciones por la valentía con que abordó algunos difíciles e importantes problemas educativos²².

Es verdad que hizo superar las esperanzas que todos teníamos de que su oración sería brillante. [...] Es materialmente imposible seguir paso a paso los conceptos luminosos que va refiriendo; cadena hermosa de observaciones revestidas con las galas del bien decir y con facilidad de expresión dulce y melodiosa²³.

21 *La Voz de Galicia*, 01-01-1908, p. 1.

22 *El Noroeste*, 01-01-1908, p. 1.

23 *El Eco de Galicia*, 01-01-1908, p. 1.

Era justo que la señorita María Barbeito no se olvidase de la mujer en su disertación meritísima y que hasta se delcarese feminista ferviente; y a fe que así lo hizo y que ha estado sublime pretendiendo recabar para el sexo cuantos beneficios debía haberle ya concedido la sociedad en que vive. [...] Aunque con mucho gracejo declaró no ser revolucionaria, solicitó para el bello sexo más libertad, más derechos que los que actualmente posee, incluyendo entre éstos hasta los relativos al voto electoral y todos cuantos puedan rezar con los comicios²⁴.

O éxito das dúas conferencias organizadas polo Ateneo e pronunciadas por mulleres tiveron fonda repercusión na vida social da Coruña e foron obxecto de amplos comentarios dos que, especialmente a prensa progresista, se fixo eco comentando tanto o acerto da organización dos actos como o valor das ideas e o convencemento da súa defensa por parte das oradoras²⁵. Actos dese tipo debían servir para reflexionar e aceptar como natural o papel da muller no ámbito intelectual e político da sociedade.

La conferencia de la señorita Barbeito, tan notable y brillante en todos los aspectos, pronunciada ante un auditorio en el cual era tan numeroso, calificado e importante el elemento femenino; su precursora la admirable conferencia de la señorita Brañas, verdadero triunfo oratorio e intelectual, de los que dejan huella; la atmósfera por ellas creada , en aquel salón que preside tanta veces la figura eminente de la más ilustre de las mujeres

24 *Tierra Gallega*, 02-01-1908, p. 1.

25 Tamén se poden ler na prensa daqueles días comentarios menos eloxiosos e con certa crítica velada: «Estas damas [María Barbeito e Celia Brañas] llevan el mismo espíritu de María Pita. Se atreven a todo. No hay sajonos en todo lo que sea cultura que las acobarden. Son todas unas coruñesas. [...] Se salieron de la esfera pedagógica a que hasta ahora se han limitado, y discutieron sobre si la mujer debía o no intervenir en el Gobierno del país, del que tan poco crédito de ordinario recaban los hombres. Ante todo debemos un aplauso a estas Marías pitas de la intelectualidad coruñesa». V. Carnota. «Entre damas coruñesas. El voto para la mujer», *La Voz de Galicia*, 09-01-1908, p. 1.

contemporáneas²⁶, dan actualidad y movimiento a una esperanza siempre acariciada por las gentes de verdadera buen afe, la redención intelectual y moral de la mujer. Es evidente que las palabras de las dos distinguidísimas y notables conferenciantes son un argumento decisivo, el mejor de todos, en favor de la personalidad intelectual femenina. [...]

Es preciso que la gente se acostumbre a la idea, elemental y evidente, pero asombrosa para muchos, de que las mujeres pueden y deban hablar, decir sus ideas, sus tendencias, sus sentimientos, lo que ellas piensan. Aun cuando esas dos conferencias hubiesen sido intelectualmente un fracaso, serían plausibles siempre, porque a nadie se le oculta que de cada diez señores que hablan en público, nueve dicen majaderías más o menos solemnes. Y así nuestros hombres se acostumbrarán también, aún no habiendo hablado esas dos mujeres de talento, a que ellas tienen el derecho a pensar, y las mujeres, ellas mismas, a que no hay razón para que callen mientras nosotros gritamos a voz en cuello. [...]

Por eso son utilísimas estas conferencias: para los hombres que meditarán en su alcance y para las mujeres que se darán cuenta de su misión, algo más amplia que la de objetos de adorno solamente, lo cual tiene el peligro de que en cuanto dejan de adornar deberían dejar de ser²⁷.

26 Referencia a Emilia Pardo Bazán, oradora también en el Circo de Artesanos e presidenta honoraria de la sociedad.

27 «Vida nueva. Un movimiento», *El Noroeste*, 03-01-1908, p. 1.

4. A sesión de controversia. Intervención de Celia Brañas

O contido da conferencia provocou reaccións a favor e en contra sobre varios dos temas defendidos por María Barbeito, especialmente sobre a cuestión do voto feminino. O tema de discusión estaba de actualidade²⁸, especialmente desde que se presentaran, durante os meses de xuño e xullo de 1907, varias emendas no Senado por parte de grupos minoritarios con motivo do debate parlamentario sobre a reforma electoral, a primeira tras a aprobación do sufraxio universal masculino en 1890²⁹. A evolución do movemento sufraxista en España continuou tendo alto interese para María Barbeito en anos posteriores, tal como se deduce da correspondencia que mantivo con personalidades destacadas deste ámbito como Paulina Luisi ou Clara Campoamor³⁰.

Para poder debater afirmacións e María Barbeito, a sección ateneística da Reunión de Artesáns organizou unha sesión de controversia o día 4 de xaneiro de 1908³¹ na que se enfrontaron dialecticamente dúas docentes: a mestra María Barbeito e a profesora da escola Normal de Mestras da Coruña, Celia

28 Ademais das referencias na prensa local á sesión de controversia, en datas próximas pódense ler artigos sobre o tema do voto feminino en *El Noroeste*, 03-01-1908, p. 1 e *La Voz de Galicia*, 05-01-1908, p. 1; 09-01-1908, p. 1.

29 Os republicanos propoñían conceder o voto a mulleres maiores de 23 anos en pleno goce dos seus dereitos civís e dous anos de residencia no municipio (na práctica as viúvas e solteiras emancipadas), unicamente nas eleccións municipais. Os demócratas solicitaban que as mulleres viúvas que pagasen unha contribución territorial mínima de 100 pesetas anuais puidesen participar en todo tipo de elección (municipal, provincial ou lexislativa). Aínda que os acontecementos das Cortes tiñan escaso eco na rúa, algúns periódicos, entre os que destacou o *Heraldo de Madrid*, si que lle prestaba atención; neste periódico escribía unha destacada pluma nestes temas da reivindicación feminina: Carmen de Burgos, baixo o alcume de Colombine, que presidiu a organización *Cruzada de las Mujeres Españolas*.

30 Arquivo do Reino de Galicia. Fondo María Barbeito C-5865. Nos anos 20, Paulina Luisi foi a Vicepresidenta da *Alianza Mundial para el sufragio femenino*. Clara Campoamor foi a principal defensora do sufraxio feminino na Segunda República.

31 Segundo a prensa, pediran a palabra para debater Celia Brañas e Fernández Miranda, máis da posible intervención deste último nada se recolle nas crónicas do acto. O tema concreto da controversia era: «Mejoramiento educativo», pero como en todas as discusións, saíron outras cuestións máis ou menos directamente relacionadas. *El Noroeste*, 04-01-1908, p. 2.

Brañas³². A concorrencia aínda foi maior que nas conferencias anteriores e os periodistas comentaban a elevada presenza de mulleres na sala, indicador de que se interesaban cada vez máis polas cuestións educativas, sociais e políticas.



Celia Brañas. (Fotografía de 1934. Arquivo da R.A.G.).

O enfrontamento sobre se a muller debía ter ou non dereito ao voto foi o máis comentado e recollido na prensa coruñesa, pero non foi o único.

Celia Brañas se mostrou disconforme con la señorita Barbeito en opinar que las mujeres deben aspirar a tener derecho de voto en las elecciones y a intervenir directamente en la vida pública y en el gobierno de los pueblos. Abogó por la instrucción femenina, declarándose partidaria de cuantos progresos en este punto puedan alcanzarse, pero sin llegar a las exageraciones que algunos

32 Sobre a biografía e traxectoria profesional de Celia Brañas: Fraga Vázquez, 2015 e 2016. Marco, 2007: 63.

proclaman como aspiraciones indispensables, ya que la principal misión de la mujer está en el hogar y en la práctica de las virtudes.

De conceder a las mujeres lo que está reservado a los hombres — dijo— habría que pensar en la necesidad de que los hombres hagan calceta y se ejerciten en todos los menesteres domésticos.

Defendió la señorita Barbeito sus afirmaciones de la conferencia última, declarando además que ya que los hombres lo hacen tan mal en el gobierno de las naciones, no sobraría realizar un ensayo con las mujeres.

Objetó nuevamente la señorita Brañas diciendo que es partidaria del feminismo, pero de un feminismo moderado, y haciendo constar que cree más prudente no tener participación en los desaciertos de los hombres políticos, por lo mismo que la política, en España y fuera de ella, es semillero de luchas bajas, de venganzas pobres y a veces de ruindades, de ignominias y de otras cosas peores a las que la mujer debe ser ajena³³.

En cuanto a la cuestión política, se mostró refractaria a la intervención de la mujer en ella, no negando, sin embargo, que deba conocerla lo mejor posible, aunque no sea más que por aquello de que el saber no ocupa lugar, y porque nunca está de más la abundancia de conocimientos³⁴.

Ademais do enfrontamento dialéctico no tema do dereito ao voto da muller, Celia Brañas disentía de María Barbeito noutros temas dos que destaca a prensa os seguintes: a preminencia da educación doméstica e privada fronte á pública e comunitaria, os pros e os contras das institutrices estranxeiras e o papel que lle queda á muller privada de formación, instrución e cultura.

33 *El Noroeste*, 05-01-1908, p. 1.

34 *Tierra Gallega*, 05-01-1908, p. 1.

[Celia Brañas] Dijo que la educación doméstica tenía que ser, y ella como tal la aceptaba, mejor que la educación en la escuela, o más acertada por lo menos, porque no conociendo nadie a los niños, ni sabiendo mejor sus inclinaciones que sus padres, nadie habría más indicados que ellos para educarlos. Adujo también, entre otras razones, para confirmar este aserto, la de que los niños, en los colegios, y ante sus maestros, no solían jamás presentarse tal como son, a consecuencia del respecto o acaso temor que éstos les inspiraban. Y que además, en la enseñanza doméstica, se hallaban menos expuestos a conocer el mal, lo cual era una ventaja, porque no conociéndolo, no correrían el peligro de aceptarlo como suelen hacer con aquello que les agrada³⁵.

Posicións tan contrarias ao pensamento e práctica profesional de María Barbeito precisaron de contestación reafirmándose esta no exposto na conferencia: o valor da educación en común, os perigos da educación doméstica privada ao faltar o trato con iguais ou a falta de recursos para enfrontarse coa realidade da vida ao ingresar en sociedade as nenas e nenos que unicamente foron educados no seo da familia³⁶.

Con respecto ás vantaxes e desvantaxes das institutrices estranxeiras nas familias que as puidesen soste economicamente, respondía Celia Brañas aos comentarios de María Barbeito expostos na conferencia:

35 *Tierra Gallega*, 05-01-1908, p. 1.

36 «El niño educado aisladamente absorbe, claro está, toda la atención del encargado de dirigirle y por defecto de esto saldrán gananciosos su entendimiento y su parte física; pero en cuanto a su ser moral no alcanzará jamás la perfección. [...] Dos caracteres dominan en la educación doméstica que son dos equivocaciones lamentables: el de una extremada debilidad con el educando, engendradora de temperamentos caprichosos, tercos, despóticos; y el de una tiranía cruel, también se dan casos, infundiendo la abulia, esta terrible enfermedad tan general y tan difícil de curar si obedece a un plan preconcebido para producirla. [...] Ciertamente que en la familia se está más al abrigo de influencias malas, de ejemplos funestos, se conserva mejor la inocencia, la ignorancia del mal; y si la vida del hombre hubiese de desenvolverse en la familia con exclusión de toda otra esfera me tendría como partidaria este género de educación; pero como no puede prescindir a su tiempo de ingresar en la sociedad, de nada ha de servirle el apartamiento anterior, al contrario, lo priva de una gran norma, el ejemplo, y constituye para él un gran peligro. ¿Quién tiene más probabilidades de no ser atacado por enfermedad contagiosa: ¿el que la conoce y se previno contra ella, o el que ignora su existencia?» Barbeito Cerviño, 1909: 7-8.

*Refiriéndose a la educación dada por institutrices extranjeras, optó porque no sea del todo rechazada, puesto que no podía desconocerse que, valiéndose de ella, se recabaría la ventaja de que el niño aprendiese, sin perjuicio ninguna en los demás órdenes educativos, un idioma extranjero, o sea el que la institutriz hablase, al paso que el suyo propio, y tan insensiblemente como éste*³⁷.

Probablemente os argumentos expostos por Celia Brañas acerca do papel das institutrices estranxeiras foron de maior profundidade e contido, pois con esta breve referencia do periodista non se pode deducir a controversia xa que, no punto sintetizado no periódico, as dúas mulleres estarían de acordo. O tema das institutrices estranxeiras fora tratado por María Barbeito na conferencia con certa amplitude e desde varios puntos de vista facendo fincapé, especialmente, na dificultade que para unha persoa estranxeira supón a transmisión de coñecementos da contorna do alumnado, o que, para ela, significaba deficiencias significativas na formación do discente³⁸.

O seguinte bloque de argumentos de Celia Brañas rebatendo a María Barbeito está relacionado co papel que lle queda ás mulleres sen formación pero, como no anterior comentario, a brevidade do periodista non nos permite afondar nos argumentos da profesora Brañas que, necesariamente, tiveron que ser moito máis extensos porque a conferenciante non concluíra na súa exposición que a escasa ou nula formación da muller a levara, necesariamente por un dos tres camiños que se sinalan na crítica.

No estuvo conforme [Celia Brañas] con que a la mujer, privada de instrucción y cultura, le queden únicamente los tres caminos

37 *Tierra Gallega*, 05-01-1908, p. 1.

38 «Ciertamente que a estas alturas de la civilización no podemos ni debemos encerrarnos demasiado en el círculo de nuestra nacionalidad; el cambio de ideas, de sentimientos, de relaciones exteriores va siendo más necesario cada vez entre las gentes de todos los países y para él hemos de prepararnos, pero entiendo que dentro del universal concierto, cada uno, lo mismo hombres que pueblos, deben conservar su individualidad, su personalidad propia para que haya armonía. [...] Entre el maestro y el discípulo deben establecerse afinidades que no pueden existir entre quienes difieren en raza, en religión y en lenguaje». Barbeito Cerviño, 1909: 10.

*del matrimonio, la miseria o la deshonra, pues cree y se afirma en que, aparte de la labor intelectual a que sin duda alguna hay que conceder insuperable importancia, puede emprender la mujer otros derroteros, como son los de cultivar otras muchas clases de trabajo, que seguramente la harán bastante poderosa contra la desdicha*³⁹.

Tras a exposición dos seus argumentos e críticas, Celia Brañas recibiu os aplausos do público presente na sala, sostendo María Barbeito as afirmacións establecidas na conferencia. O acto —que se iniciara ás 21:30— rematou ás 23:00 coa intervención de Mercedes Tella.

*La señorita Mercedes Tella, directora de la Normal, hizo el resumen como presidente de la sección de Sociología. Sus frases vibrantes, correctísimas, impecables de dicción y modelos de acierto y habilidad de puntualizar los criterios sustentados por las ilustradas disertantes en sus respectivas afirmaciones, en las cuales hay grandes puntos de contacto*⁴⁰.

Sobre as discrepancias puntualizaba a publicación dirixida por María de la Rigada:

*La señorita Celia Brañas [...] sostuvo doctrina contraria a la de la señorita Barbeito, especialmente en punto al valor de la educación doméstica y a la intervención de la mujer en la vida del Estado. De la discusión resultó que la disconformidad en el primer punto era más aparente que real. En el otro extremo se mantuvieron las cultísimas disertantes en sus respectivos puntos de vista*⁴¹.

E como é habitual neste tipo de controversias, dificilmente os argumentos dunha convenceron á outra, e tampouco sabemos ata que punto modificaron o

39 *Tierra Gallega* 05-01-1908, p. 1.

40 *El Noroeste*, 05-01-1908, p. 1.

41 *Gaceta de Instrucción Pública y Bellas Artes* (Madrid), 15-01-1908, p. 810.

pensamento do auditorio. O que si sabemos e valoramos é a presenza, nunha mesma mesa, de tres mulleres defensoras do valor que a cultura e a formación intelectual deben desempeñar no progreso social, económico, cultural e político das mulleres. Eran tres mulleres coruñesas; as tres mestras, dúas nadas no mesmo ano de 1880 —as polemistas María Barbeito e Celia Brañas— e outra uns anos antes —Mercedes Tella en plena revolución de 1868—; as tres destacadas autoridades nos seus respectivos ámbitos profesionais; as tres renovadoras pedagóxicas e pioneiras en moitas das súas propostas; as tres ocuparon cargos directivos nas súas escolas (Escolas da Guarda e Escola de Mestras da Coruña); as tres foron conferenciantes no Circo de Artesáns⁴² e membros de honra da sociedade; as tres colaboraron en causas benéficas e solidarias; as tres formaron parte da elite cultural da cidade durante décadas; e das tres debe sentirse ben orgullosa esta cidade da Coruña de poder contar entre a súa cidadanía a persoas que loitaron por dignificar o papel da muller co seu traballo e exemplo.

Bibliografía

- ARENAL, Concepción. (1993). *Obras completas*. (2 tomos). Madrid, Atlas.
- BALLARÍN DOMINGO, Pilar. (2001). *La educación de las mujeres en la España contemporánea. S. XIX y XX*. Madrid, Síntesis.
- BARBEITO CERVIÑO, María. (1909). *Mejor ambiente educativo y condiciones que deben integrarlo*. A Coruña, Imprenta de Brañas.
- BLANCO, Isabel (2021). *Galegas na Ciencia*. Vigo, Belagua.
- BURGOS, Carmen de (Colombine) (1908). «El voto de la mujer», *Heraldo de Madrid*, 19-03-1908, p. 1.

42 *Factores sociales*, de Mercedes Tella en 1907; *Mejor ambiente educativo y condiciones que deben integrarlo*, de María Barbeito en 1907; *Reacciones químicas*, de Celia Brañas en 1907.

- CAPEL MARTÍNEZ, Rosa M^a (dir) (2004). *El voto de las mujeres. 1877-1978*. Catálogo da exposición do Kiosko Alfonso da Coruña. 8 de marzo a 18 de abril 2004. Fundación Pablo Iglesias-Concello da Coruña.
- CENTRO FEMINISTA DE ESTUDIOS Y DOCUMENTACIÓN (2006). *El voto femenino en España*. Catálogo da exposición. Madrid. Instituto de la Mujer.
- COSTA RICO, Antón (2007). *María Barbeito Cerviño*. Álbum de Galicia. Consello da Cultura Galega. <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=294>. Consultado o 20-02-2023.
- DÍAZ FERNÁNDEZ, Paloma (2005). «La dictadura de Primo de Rivera. Una oportunidad para la mujer», *Espacio, Tiempo, Forma, Serie V, Historia Contemporánea*, 2005, pp. 175-190.
- DURÁN, M^a Ángeles (coord.) (1993). *Mujeres y hombres: la formación del pensamiento igualitario*. Madrid, Castalia.
- ESPIGADO, Gloria (2010). «Las primeras republicanas en España: Prácticas y discursos identitarios (1868-1874)», *Historia Social*, n^o 67, pp. 75-91.
- ESTRADA CATOYRA, Félix. (1986). *Contribución a la historia de La Coruña. La Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en sus ochenta y tres años de vida y actuación*. A Coruña, Reunión de Artesanos.
- FRAGA VÁZQUEZ, Xosé A. (2015). *Celia Brañas Fernández. Unha pioneira na incorporación da muller á cultura científica*. Álbum de Galicia, Consello da Cultura Galega. <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=22273>.
- (2016). *La labor precursora de Celia Brañas Fernández en la incorporación de la mujer a la cultura científica*. Mujeres con ciencia, Vidas científicas, 22-02-2016. <https://mujeresconciencia.com/2016/02/22/>.

- MARCO, Aurora (1992). «A polémica feminista na Galiza: María Vinyals e María Barbeito», en MARCO, A. (coord.), *Simposio Muller e Cultura*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago, pp. 87-101.

----- (1993). *As precursoras*. A Coruña, La Voz de Galicia.

----- (2007). *Diccionario de mulleres galegas. Das orixes a 1975*. Vigo, A Nosa Terra.

- PÉREZ LEDESMA, Manuel (dir.) (2007). *De súbditos a ciudadanos. Una historia de la ciudadanía en España*. Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.
- RIGADA Y RAMÓN, María de la (1906). «Biografía de la señorita Mercedes Tella Comas», *El Eco de Galicia. Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*, nº 532, 30-07-1906, pp. 2-4.
- ROLDÁN LÓPEZ, Eusebio (1881). *Las mujeres ya votan y son superiores al hombre*. Madrid, Tip. P. Abienzo.
- ROMERO MASÍA, Ana (2014). *María Barbeito. Unha vida ao servizo da escola e dos escolares (1880-1970)*. A Coruña, Baía Edicións.

----- (2014). *Escolma de textos de María Barbeito*. http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ig_album_MBarbeito_100.pdf.

----- *María Barbeito*. <https://acorunhadasmulleres.gal/maria-barbeito/>.

----- (2022). *Mercedes Tella Comas (1868-1934). Mestra e directora da Escola Normal de Mestras da Coruña*. A Coruña, Baía Edicións.

----- *Mercedes Tella Comas*. <https://acorunhadasmulleres.gal/mercedes-tella-comas/>.



ASOCIACIÓN CULTURAL DE ESTUDIOS HISTÓRICOS DE GALICIA

NOME E APELIDOS.....

DIRECCIÓN.....

POBLACIÓN..... C.P.....

CORREO EMAIL.....

TELÉFONO..... TFNO. MOBIL.....

ESPECIALIDADE HISTÓRICA (SE HAI).....

NUMERO DE CONTA BANCARIA.....

(cota anual..... 30 €)

Desexa pertencer á Asociación Cultural de Estudos Históricos de Galicia

Sinatura e data.

NOTA. Pódese baixar este impreso da nosa páxina web.

Enviar este boletín vía email a: webmaster@estudioshistoricos.com

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. O Consello de Redacción recollerá os artigos orixinais e inéditos referidos á Historia e Arte de Galicia ata o 1 de outubro de cada ano. Poderán presentarse en galego ou castelán. Os artigos sobre temas que no se refiran a Galicia, o autor poderá poñelos na web da Asociación, pero non se publicarán en *Nalgures*.
2. Os artigos virán acompañados dun resumo de cinco a dez liñas no idioma do traballo e noutra lingua europea, que se porá tras o título do artigo e o nome do autor ou autores. A continuación do nome pódese poñer o e-mail do autor. A continuación do resumo poranse as *palabras clave* (de catro a oito termos), entre comas, relacionadas co contido do artigo no idioma do traballo e noutra lingua europea, deixando ao criterio do autor a posibilidade de facelas constar tamén nunha segunda lingua europea, da súa elección.
3. Os traballos recibidos serán avaliados por membros do Comité Científico. A aceptación dos traballos comunicarase aos autores coa maior brevidade posible.
4. Os artigos de investigación terán unha extensión máxima de 17.000 palabras (uns 30 folios). O texto escribirase en formato Microsoft Word co tipo de letra Times New Roman, en corpo 12, interlineal 1,15 e parágrafos separados por 1 espazo con texto xustificado (sen sangría na primeira liña).

Nestes 30 folios inclúense as notas, gráficos, figuras ou fotografías que acompañen ao texto, que deben ter unha resolución aproximada de 300 ppi.

O título do artigo irá en maiúsculas, negrita e tamaño 14 puntos. Os títulos dos apartados/capítulos do artigo irán en minúsculas, negrita e tamaño 12 puntos. A numeración dos apartados irá en números arábigos: 1, 1.1. (sen guión). A transcripción de documentos incluídos no texto xeral do artigo irán con sangrado á esquerda e en cursiva. As datas irán con dous díxitos entre guións, 24-04-1950.

5. Os traballos enviaranse en dúas carpetas diferentes: nunha o artigo en Word, e noutra as imaxes en JPG numeradas. No documento de Word indicárase en vermello onde deben ir colocadas as imaxes e o texto que debe acompañalas, en letra de corpo 10, con numeración correlativa. Exemplo: «imaxe 01»: A torre de Hércules.
6. As notas deben ir sempre a pé de páxina, en corpo 10, interlineal 1 e xustificadas. Procurarase que as notas non sexan demasiado amplas. Se se trata dunha referencia bibliográfica debe figurar o autor, o ano de publicación e o número de páxina/as citadas. Exemplo: Capel Martínez, 1989: 311-320.
7. As siglas e abreviaturas utilizadas nos artigos especificaranse claramente ao final do texto, antes da bibliografía. Utilizaranse as universalmente coñecidas ou as máis frecuentes na especialidade sobre a que verse o traballo, iniciais, sen puntos entre elas, seguidas do nome e o lugar. Exemplo: ARG. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.
8. A bibliografía presentarase ordenada alfabeticamente por autores e do seguinte modo:

Libros: HERRÁN GASCÓN, Agustín (2006). *La muerte y su didáctica. Manual para educación infantil, primaria y secundaria*. Madrid, Universitas.

Capítulo de libro: BERROU, Claude; GLAVIEUX, Alain (2007). «Near optimun error correcting coding and decoding: turbo-codes» en: William

H. Tranter (ed.) ... [et al.]. *The best of the best: fifty years of communications and net working research*. Piscataway (New Jersey), IEEE Communications Society, cop. pp. 45-55.

Artigos de revistas: MEIJIDE PARDO, Antonio (1986). «Incidencia del cólera morbo colérico de 1834 en la provincia de Lugo», *Medicina Galaica*, XXXV, pp.7-15. (En caso necesario especificarse con máis datos: tomo, data, lugar de publicación,...)

Citas de internet: <http://www.normasapa.com/plantilla-normas-apa-microsoft-word> [25-10-2018]. (A data é a da toma de datos).

9. Para as citas incluídas no texto utilizaranse en primeiro lugar as comiñas angulares ou españolas (« »), reservando as inglesas (“ ”) e as simples (‘ ’) para entrecomiñar partes dun texto xa entrecomiñado. Por exemplo, «Xoán dixo: “o rapaz berraba: ‘San Antón, Virxe Santísima, valédeme’, e comezou a chorar”».
10. Corrección de galeradas. Sobre o arquivo en PDF que se remite desde a imprenta, inseríranse as anotacións que se desexen facer como correccións (click co botón dereito do rato e «agregar nota»). Unicamente se admitirán correccións relacionadas coa maqueta ou a posición de parágrafos, imaxes ou gráficos, pero non se permitirá a anulación, supresión, ampliación ou modificación significativa dos contidos do artigo.
11. O Consello de Redacción non se responsabiliza do contido dos artigos nin das autorizacións legais, se fosen precisas, que son responsabilidade exclusiva dos autores.
12. O autor ou autores autorizan implicitamente a poñer na web da Asociación o seu artigo, unha vez editado o correspondente número de *Nalgures*.
13. O envío de artigos deberá remitirse a: webmaster@estudioshistoricos.com

